

VIA JACOBITANA

Camino de Invierno

2018



nº 2

DIRECCIÓN

Aida Menéndez Lorenzo

CONSEJO DE REDACCIÓN

Junta de la Asociación. Presidenta: Aida Menéndez Lorenzo

COLABORACIONES

Ángel Arnáiz, Xurxo M. Ayán Vila, Xosé Gago, Paolo Caucci von Saucken, Mariano de Souza, Flora Enríquez Rodríguez, Xosé Lois García, Javier Gómez Vila, Luis Fernando Pérez Méndez, Montserrat Rodríguez, Carolina Sánchez, Xosé Luis Sobrado Pérez, Julio Vázquez Castro y Aida Menéndez Lorenzo.

FOTOGRAFÍA

Memoria Fotográfica: Jesús Ortega Carrasco y Aida Menéndez

EDITA

Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra



CONTACTO

caminodeinvierno.com

C/ Germán Vázquez, 15 Monforte de Lemos, CP. 27400

DESEÑO Y MAQUETACIÓN

Jose A. Souto Santé
Aida Menéndez

IMPRENTA

Imprenta Fénix

ISSN

2605-0692

ISBN

978-84-09-06213-3

D.L.

LU 149-2018

El contenido de esta publicación está protegido por la Ley. Queda prohibida su reproducción, transformación, copia o comunicación, total o parcial, sin previa autorización escrita de los autores.

- 8 Saúdos.
- 12 Xacios, los hombres pez del río Miño.
Ángel Arnáiz
- 15 O Camiño de Inverno en Sicilia e Instituto Cervantes de Nápoles.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 16 Presentación da web e folletos do Camiño de Inverno.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 17 Promoción do Camiño de Inverno por Sevilla e Salamaca.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 18 O castro de San Lourenzo: Un sitio arqueolóxico nas orixes da Ribeira Sacra.
Xurxo M. Ayán Vila e Xosé Gago
- 24 Presentación Anuario Vía Jacobitana.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 25 Recorridos polo Camiño Inglés.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 26 El Camino de invierno en el relato de Gian Lorenzo Buonafede Vanti
Paolo Caucci von Saucken
- 31 O Conselleiro de Cultura recorre o Camiño de Inverno.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 32 Unha hospedería monástica na Ribeira Sacra.
Flora Enríquez Rodríguez
- 41 Encontros con Asociaciones do Camiño de Santiago.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 42 Aqua Quintina, un estratéxico no viairio romano no percorrido do Camiño de Inverno.
Javier Gómez Vila
- 60 II Andaina Escolar polo Camiño de Inverno.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 61 Charlas no Camiño de Invernos nos centros escolares.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 62 Vestizios prehistóricos e históricos no percorrido do camiño de inverno ao seu paso polo concello de Rodeiro (Pontevedra) Primeiro tramo
Luis Fernando Pérez Méndez
- 70 XIV Xornadas do Camiño de Inverno por Pantón e o Saviñao.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 71 De peregrinos medievais.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 72 De Casa Palacio en 1630 a Hotel Monumento 4º Pazo do Castro desde 1999.
Montserrat Rodríguez
- 77 Ilustraciones del Camino de Invierno.
Mariano de Souza
- 78 Una singular tradición decorativa a lo largo del Camino de Invierno.
Carolina Sánchez
- 86 Recorridos polo Camiño de Inverno.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 87 Presentación do anuario: Vía Jacobitana en Valdeorras.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 88 Frades e viñedos na área do Camiño do Inverno nos séculos XIV e XV.
Xosé Luis Sobrado Pérez
- 100 Un privilegiado peregrino por el Camino de Invierno en 1610
Julio Vázquez Castro
- 107 Recorrendo o Camiño Francés por Palencia.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 108 A diversidade artística no Camiño de Inverno, en Chantada.
Kosé Lois García
- 115 O Desafío polo Camiño de Inverno con Ibarra.
Asociación Caminos a Santiago pola Ribeira Sacra
- 116 El antiguo Hotel Comercio de Monforte de Lemos, un edificio modernista en el Camino de Invierno a Santiago. Historia.
Aida Menéndez Lorenzo

SAÚDO

É un acontecemento ditoso contar cun Anuario como Vía Jacobinata, elemento de divulgación, diálogo e investigación ao redor dunha ruta áinda non por todos coñecida.

O Camiño de Inverno está chamado a ser un catalizador sobranceiro da protección, enriquecemento e posta en valor do Patrimonio Cultural de Galicia. O seu percorrido único, de fondas raíces históricas, trasládanos a escenarios variados onde se funde patrimonio construído, cultivo da terra e unha natureza imponente. Falar do Camiño de Inverno é falar dos vales escavados polo Sil, polo Miño, polo Lor, polo Cabe, polo Deza, auténticas arterias configuradoras dunha xeografía que admira e sobrecolle ao peregrino e confire ao camiñar unha espiritualidade propia, ben diferenciada das outras rutas. A incansable e esforzada man do home non é allea a esa emoción nos socalcos e bancais ou na enxeñería telúrica de Montefurado.

Estamos referíndonos a comarcas cunha personalidade ben característica: o Valdeorras vitivinícola, flanqueado por montañas notables que o acubillan, as estribacións meridionais do Courel dos “tesos cumes” (Novoneyra) que xa se albiscan próximos, a Terra de Lemos onde áinda se contempla, baixo a súa imponente torre, o que foi un dos estados medievais máis poderosos da baixa idade media galega. Esta identidade xeográfica vai mutando co ascenso dende Chantada que sortea a maxestosa Dorsal Galega, nas abas dalgúns dos seus cumes más elevados baixo a protección a Nosa Señora do Faro. E continúa nese mosaico de carballeiras, soutos e verdes praderías da comarca gandeira do Deza, onde enlaza coa denominada Vía da Prata ou Camiño Mozárabe. A partir de ahí, proseguen ambas as dúas senda fundidas a través do fermoso val do Ulla ata o desexado santuario compostelano.

A Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra levaba décadas dun meritorio traballo na plena convicción de que era de xustiza dar carta de natureza a esta ruta xacobea en pé de igualdade coas outras rutas recoñecidas como Camiños de Santiago. Hoxe esa arela fructificou finalmente no recoñecemento legal recibido no artigo 73.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, marco normativo que a todos nos vincula.

A Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, culminou con éxito unha ilusión traballada con afouteza, paciencia e convicción. Pasou con creces a peneira da veracidade, da autenticidade e da calidade. Beneficiou con isto ao conxunto de Galicia e debemos felicitala por iso e acompañala nas súas angueiras e labores.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que represento ten a obriga agora de protexer con exquisito coidado un legado histórico-artístico-etnolóxico e territorial tan prezado, abrilo aos camiñantes e preservalo para as xeracións futuras. Temos ese deber moi presente.

Este saúdo quere ser unha plasmación da reafirmación na asunción dese reto e na implicación decidida nese compromiso.

M^a Carmen Martínez Insua

Directora Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultural e Turismo da Xunta de Galicia.

SAÚDO

Logo de asistir o ano pasado ao nacemento desta publicación, e unha satisfacción, como presidente do Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra Courel, que está iniciativa cultural de promoción e difusión do Camiño de Inverno segue, pasiño a pasiño, buscando converterse nun referente cultural anual desta ruta Xacobeira.

O GDR Ribeira Sacra Courel, a través do programa Leader contribuíu economicamente a que ese desexo da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, o de dispoñer dunha publicación cultural sobre o Camiño de Inverno, se convertera nunha realidade.

Agardamos que a realidade do Camiño de Inverno como ruta Xacobeira, contribúa ao desenvolvemento socio-económico das terras de Lemos e de Quiroga, que forman parte do Grupo de Desenvolvemento Rural

José Manuel Arias López

Presidente GDR Ribeira Sacra Courel



SAÚDO

Un ano máis, presentámosvos o segundo número do anuario Vía Jacobitana. Camino de Invierno, que con gran esforzo, pero tamén con ilusión, decidimos editar despois da boa acollida e éxito acadado co primeiro número publicado o pasado ano.

Vía Jacobitana. Camino de Invierno é unha publicación que nace co fin de recoller os últimos estudos e investigacións dos nosos prestixiosos e expertos colaboradores sobre diversos temas relacionados co Camiño de Inverno. As diferentes temáticas que se abordan son como fiestras que nos permiten ver e admirar a grande riqueza patrimonial, tanto material como inmaterial, deste camiño xacobeo que recorre grande parte da Ribeira Sacra. O volume inclúe, ademais, unha memoria fotográfica, inserida entre os artigos, sobre as actividades más relevantes levadas a cabo ao longo do ano pola Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra.

Sirvan estas liñas para expresar o noso particular agradecemento a cada un dos colaboradores que, dun modo totalmente altruista, fan que esta publicación sexa unha realidade. As temáticas que abordan nos traballos que achegaron para este novo número son moi diversas: os asentamentos castrexos, como o de San Lourenzo, un lugar arqueóxico relacionado coas orixes da Ribeira Sacra, as singulares decoracións en cal que nesta terra recobren algunas construcións tradicionais, o importante labor desenvolvido ao longo dos séculos nas hospedarías monásticas (mosteiros, abadías ou prioratos) da Ribeira Sacra, o nó viario romano Aqua Quintina, establecido na comarca de Chantada para controlar o interior da Gallaecia, os vestixios históricos e prehistóricos que se atopan ao longo do camiño no concello de Rodeiro, o trascendente labor dos cenobios no cultivo das viñas a finais do Medievo, co que fomentaron a súa expansión na Ribeira Sacra, o pormenorizado estudio da diversidade artística da comarca de Chantada, a historia da Casa Flórez, unha casa soarega situada en O Castro, Valdeorras ou a historia dun edificio modernista, un antigo hotel, na vila de Monforte de Lemos. Non resultan menos interesantes os temas relacionados con relatos de nobres peregrinos que recorron o Camiño de Inverno, como o que fixo en 1610 o Cardenal don Diego de Guzmán, relixioso que formou parte da Corte de Felipe III, ou o realizado polo franciscano italiano Gian Lorenzo Buonafede Vanti en 1717. Así mesmo, o relato dalgunha lenda envólvenos nese mundo máxico e soñador que conforma un patrimonio inmaterial digno de salientar.

A memoria fotográfica testemuña as múltiples accións levadas a cabo pola Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra para divulgar o Camiño de Inverno. Cómpre destacar dun modo especial as realizadas cos escolares, coas que, ben por medio de recorridos ou con charlas nos centros educativos, pretendemos que teñan un maior coñecemento desta ruta de peregrinos a Santiago. Por outra banda, na nosa viaxe a Nápoles e Sicilia tivemos a oportunidade de dar a coñecer o Camiño de Inverno e a cidade de Monforte a través dunha conferencia impartida no Instituto Cervantes e dun encontro coa Asociación do Camiño de Santiago en Caltagirone – Sicilia.

Non podemos deixar de expresar o noso agradecemento a AGADER, grupo Leader Ribeira Sacra Caurel, que coa súa axuda nos permite abordar a financiación desta publicación.

Por último, tampouco queremos esquecernos daqueles socios que nos acompañaron ao longo de moitos anos pero que xa nos deixaron ao emprenderen outro camiño onde todos nos encontraremos. Para Moisés e Martina vai dirixida a nosa lembranza, a través da invocación ao Apóstolo Santiago que fixemos o pasado 26 de novembro, na misa do Peregrino, cando arredor de 80 socios finalizabamos a peregrinación realizada ao longo do ano, e que transcribimos a seguir:

SEÑOR SANTIAGO!

Somos 80 peregrinos da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, que conta con máis de 400 socios. Chegamos gozosos a este sagrado templo culminando a nosa peregrinación polo Camiño de Inverno, como fixeron milleiros de peregrinos, desde os máis recónditos lugares do mundo ao longo de máis de mil anos, recorrendo a ampla rede de camiños de Santiago.

Cheos de fe e esperanza por alcanzar a meta, chegamos ata aquí, tras recorrer os últimos 100 km do noso Camiño de Inverno, desde Monforte de Lemos. Un camiño que se inicia en Ponferrada e discorre por grande parte do trazado que describe o río Sil para entrar en Galicia, sendo elixido por moitos peregrinos para evitar cruzar os cumios nevados do Cebreiro en época invernal.

É unha ruta natural que xa no século VII seguiu o santo varón Froitoso para predicar a fe cristiá, deixando testemuño nas numerosas fundacións monásticas que se estenden por este trazado desde as terras Bercianas, por Valdeorras, Quiroga, Ribeira Sacra, Lemos e Deza. Un camiño que máis tarde seguiría o Padre Sarmiento nalgúnha das súas viaxes a Galicia. Tamén son testemuño as numerosas igrexas románicas espalladas pola Ribeira Sacra, moitas delas restos de mosteiros, cuxa advocación é o Apóstolo Santiago e algunha, como a de san Miguel de Eiré, en Pantón, co emblema heráldico do Hospital Real de Santiago.

Hoxe queremos darvos as grazas, pois, por fin, tras máis de 18 años de loita da Asociación, o Camiño de Inverno vén de ser recoñecido desde o 16 de agosto do ano 2016 coma unha ruta xacobeira máis. Un rogo que vos faciamos na nosa invocación do ano 2010, felizmente cumplido.

Pero tamén queremos pedirvos que veledes por todos nós e nos guiedes polo bo camiño e que intercedades ante Deus polos membros da Asociación que xa nos deixaron, para que os acolla no seu seo como bos peregrinos. ¡QUE ASÍ SEXA!

Aida Menéndez Lorenzo

Presidenta Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra

Xacios, los hombres pez del río Miño

Ángel Arnáiz

Historiador y periodista

Pantón, O Saviñao y Chantada son municipios lucenses por los que discurre el Camino de Invierno a Santiago. Forman parte de la veintena de ayuntamientos que conforman la Ribeira Sacra, un territorio único en Galicia, a caballo entre las provincias de Lugo y Ourense, regado por los ríos Miño y Sil, que aspira a obtener el reconocimiento de Patrimonio de la Humanidad por la Unesco.

En esos tres municipios, cargados de mitos arquetípicos y viejas historias transmitidas de generación en generación a lo largo de los siglos, hay una leyenda que sitúa en esas tierras, atravesadas por las aguas del padre Miño, la presencia de los hombres pez. Se trata de una raza legendaria, unos seres anfibios con forma

humana que tanto podían vivir en las profundidades del río como en tierra firme. Las gentes del lugar les pusieron el nombre de Xacios y, al igual que en otros lugares de Europa, estos seres fantásticos formaron parte del imaginario popular desde los tiempos más remotos.

Esta sugerente historia de los hombre pez del Miño la recogió, allá por el año 1929, Ramón Castro, el cura párroco de Vilar de Ortelle, en las tierras de Pantón y la publicó en su obra *Reseña histórico descriptiva de la parroquia de Vilar de Ortelle y su comarca*, una joya literaria sobre la cultura inmaterial imperante a principios del siglo pasado, en los pueblos de la Ribeira Sacra por los que discurre el Camino de Invierno.



Río Miño desde el castro de Marce.

Según algunos estudiosos de la mitología gallega, esa singular publicación del cura de Vilar de Ortelle fue la que inspiró buena parte del capítulo de los mitos del agua de la gran obra *Etnografía e folklore de Galicia*, del reconocido etnógrafo y polígrafo gallego Fermín Bouza Brey.



Oannes – Dios pez mitología Sumeria.

Los ríos fueron venerados por las culturas primitivas, ya que representaban en la mitología hídrica, a la par, energía creadora y poder de destrucción. Y desde antiguo estuvieron poblados por seres fantásticos.

Los Xacios de las aguas del Miño, al igual que Sirenas, Náyades o Nereidas en otros lugares, fueron unos de esos seres que, con el transcurrir del tiempo, cobraron categoría de leyenda. Ramón Castro, según los testimonios recogidos de los más viejos del lugar de Ortelle, los describe como una especie de criaturas anfibias, de aspecto humano, que tanto podían morar en el agua, en las profundas pozas del río, como en tierra

firme. De hecho, a principios del pasado siglo, las leyendas de encuentros e incluso matrimonios entre Xacios y humanos todavía estaban muy extendidas en el acerbo cultural de los pueblos ribereños del Miño, en los mencionados ayuntamientos de Pantón, O Saviñao y Chantada.

EL AMOR TRÁGICO DE UNA XACIA

Ramón Castro recogió en su libro una de esas sugerentes leyendas, en la que un mozo de Ortelle que pescaba en el cauce del Miño se encontró a una hermosa Xacia al pie del Castro de Marce en la orilla del río. Parece que hubo un flechazo amoroso en ese encuentro y la mujer pez le pidió al joven que si la llevaba a bautizar quedaría desencantada y podría casarse con ella y así lo hicieron. Dice la leyenda que las Xacias son bellísimas y, al igual que un canto de Sirena, atraen a los mozos a su perdición.

Lo cierto es que el matrimonio se consumó y los hijos habidos de esa unión mostraban un desmedido gusto por el agua y a la menor ocasión estaban bañándose en el Miño o en cualquier arroyo que encontraban en su camino.

El padre, harto de esta situación, un día que se enfadó les increpó y los echó, diciendo: ¡Fuera de aquí, hijos de una Xacia!

Desde entonces se rompió la felicidad de aquel hogar y las discusiones y enfados entre la pareja eran constantes. La Xacia, desencantada de su vida con el humano, decidió regresar a los pozos del Miño con sus congéneres. Pero éstos, en castigo por haberse bautizado y hecho cristiana, la mataron y descuartizaron. El joven de Ortelle, arrepentido de su actitud, decidió ir a buscar a su



J.W.Waterhouse – Sirena.

mujer pez, pero al llegar a la orilla del río ya solo encontró sus restos flotando en el agua.

Ramón Castro apunta en su relato que era tal la credulidad de algunos ancianos de Ortelle sobre la existencia de los hombres pez en esta parte del Miño, que juraban sin la menor duda que eran reales. Incluso uno de sus interlocutores al relatarle esta leyenda aseguraba que él mismo había visto a esta clase de seres en el puerto fluvial de Sernande.

Pero la leyenda no acaba con la muerte de la Xacia a manos de su pueblo. Del desgraciado matrimonio quedó la hija pequeña llamada Isabel, que era la encargada de llevar el ganado de la familia a pastorear en las inmediaciones del Castro de Marce y acontecía que una Xacia muy hermosa, como era propia de las mujeres pez, iba a visitarla con

muchas frecuencia y llegó a entablar amistad con la pequeña Isabel, a la cual daba granos de maíz moreno, que se convertían en onzas de oro de regreso a su casa con el ganado. La Xacia encomendaba a la niña que no contase a nadie tal portento, ya que de hacerlo sería muy desgraciada, puesto que en el castillo de Marce, según le contó la mujer pez, hay tres reyes *mouros* encantados y poseen muchas riquezas, que a nadie es lícito revelar.

La inocente Isabel tuvo la debilidad de relatar a su padre el portento de la conversión del grano de maíz en onza de oro que le regalaba la Xacia. Luego, un día que fue a pastorear el ganado al castillo de Marce, tal como solía hacer, desapareció por encanto. El pobre y desconsolado padre, al ver que su hija no regresaba y que el ganado vagaba solo, se dirigió al castillo dando voces llamando a su pequeña Isabel, pero no recibió respuesta alguna, ni halló rastro de la niña.

De vuelta a casa, desesperado y llorando por la desaparición de su hija, escuchó una voz profunda que sonaba dentro del castillo que decía: “Sabeliña, Sabelón, fretida está en aceitón”. Es decir, que a la pequeña Isabel, por no guardar el secreto, los reyes *mouros* la mataron friéndola en aceite. Un cruel final para una trágica historia de leyenda entre humanos y hombres pez, que ha llegado hasta nosotros gracias a la tradición oral.

Aquellos que recorren el Camino de Invierno a Compostela, desde Quiroga al Monte Faro, en esa mágica ruta siempre encontrarán un claro en el que descansar a la sombra de un roble o un castaño, donde recobrar fuerzas y recordar viejas leyendas como la de los Xacios, que llenan de misterio y fantasía ese camino jacobeano rumbo a Santiago, a la tumba del Apóstol.

O Camiño de Inverno en Sicilia e Instituto Cervantes de Nápoles

Ruinas Selinunte.



Galerías Nápoles.



Conferencia de Aída Menéndez en Instituto Cervantes Nápoles.



Pompeya.

Presentación da web e folletos do Camiño de Inverno



www.caminodeinvierno.com

Promoción do Camiño de Inverno por Sevilla e Salamanca



Plaza de España-Sevilla.



Sevilla.



Catedral de Salamanca.



Sevilla.

O castro de San Lourenzo: Un sitio arqueolóxico nas orixes da Ribeira Sacra

Xurxo M. Ayán Vila

Director do proxecto arqueolóxico
do Castro de San Lourenzo

Xosé Gago

Codirector do proxecto arqueolóxico
do Castro de San Lourenzo



Vista aérea do Castro de San Lourenzo. Foto: Albert Schumacher

O CASTRO DE SAN LOURENZO: UN SITIO ARQUEOLÓXICO NAS ORIXES DA RIBEIRA SACRA

O Castro d'Alende ou San Lourenzo é un sitio arqueolóxico que se atopa na parroquia de San Pedro

de Cereixa (A Pobra do Brollón, Lugo) sobre a marxe dereita do río Saa na pequena dorsal que serve de transición entre a penichaíra de A Cha de Castro e o val fluvial. O castro é un poboado fortificado ergueito, probablemente, trala conquista romana para

albergar os traballadores nas explotacións auríferas da bisbarra, entre os séculos I-II da nosa era. Probablemente estivo vencellado tamén á metalurxia do ferro, polo que se trataría dun poboado especializado dentro da rede de castros que controlaban a minería nas bacías sedimentarias dos ríos Lor, Saa e Cabe. En época medieval a poboación labrega de Cereixa construíu unha ermida na honra de San Lourenzo, que foi rehabilitada en 1876 para caír despois no abandono. A fins dos anos 60 e comezos dos anos 70 a ladeira suroeste do castro viuse afectada por unha explotación de grava e area.

En 2016 xurdíu interés dende a *Asociación de Vecinos María Castañá* da parroquia de San Pedro de Cereixa e o Excmo. Concello da Pobra do Brollón para promover a recuperación patrimonial deste cementeiro. Dende aquela, levamos a cabo catro campañas de escavación arqueolóxica que forneceron datos moi interesantes sobre o castro.

O poboado fortificado foi cristianizado en época altomedieval, cando unha comunidade labrega ergueu un camposanto vencellado a un edificio relixioso. Polo de agora documentamos corenta e tres de tumbas con tipoloxías (de muros, de laxes, de orelleras) que se adscriben cronoloxicamente a un período que transcorre entre o século XI e o século XIII. Na historiografía existen disparidades importantes sobre esta cuestión. Algunxs investigadores remontan as tumbas de laxes até o século IX, mentres outros sitúan as cistas trapezoidais entre os séculos IX e XI, como acontece en Manín (Lobios, Ourense). As orelleras aparecen en espazos sacros asturianos como Cornellana (ss. X-XIII), S. Vicente de Serrapio (s. XII) ou a Santa Cruz de Cangas de Onís (ss. VI-II-IX), e cántabros coma o claustro de Santillana del Mar ou a igrexa de San Vicente de Esles. Tamén son

numerosos os casos na Meseta Norte: Vegas de Pedraza, San Millán de Segovia, Tiermes. Esta cronomoxía semella corroborarse tamén por detalles rituais coma o xesto dos individuos das tumbas 17 e 21, cos brazos cruzados sobre o peito, algo que se comeza a dar nas prácticas funerarias europeas a partir do século XII. As orelleras das cabeceiras dalguhas tumbas son tamén típicas deste período no N da Península Ibérica. A cerámica asoellada vai ser fundamental para acadar unha datación relativa deste camposanto. As cerámicas que colmatan a superficie das cobertas de lousa das tumbas ubicadas na entrada da dependencia anexa poden datarse en época pleno e baixomedieval, polo que podemos consideralas como un *terminus ante quem* para o funcionamento do cementeiro. Así pois, predominan as xerriñas con decoración a base de punzóns nas ásas e liñas onduladas no pescozo, tipos comúns na cerámica galega da época.



Individuo da tumba 17, alcumado como “Atilano”

O que desconecemos polo momento é a fasquía do edificio relixioso orixinal ao que se ligaban estes defuntos. Porque con certeza, estamos perante un camposanto *ad santos*, vencellado a un santuario no que a normativa impedía soterrar no interior das igrexas dende o século VI. O espazo dos mortos na época altomedieval eran o adro, o pórtico, a contraábsida, todos eles espazos funerarios *extra ecclesia*. Esta campaña puxo de manifesto como a fábrica actual superpúxose por riba das antigas sepulturas, coas que non se tivo moito reparo. Así o amosa o replanteo dos muros tanto da dependencia anexa, como da nave principal ou da ábsida.

Dacordo coas investigacións recentes , esta necrópole do castro de San Lourenzo sería un deses camposantos de igrexas rurais que semellan xurdir nos intres máis tardíos, a partires dos século IX-XI. Bos paralelos serían San Román das Encrugas, Santa Eufemia de Manín ou San Vítor de Barxacova. Semellan todas fundacións ligadas ao contexto de reorganización territorial e política dende o século IX que acompaña á *repopulación* de Galicia nos marcos socio-políticos do reino astur-leonés. A homoxeneidade formal das sepulturas, a ausencia de enxoal funerario en case todos os casos, a nula presenza de moedas amortizadas, son detalles materiais que semellan falarnos dunha comunidade campesiña humilde que habitaría os casais das vilas que darían lugar á parroquia de San Pedro de Cereixa en época plenomedieval. Neste senso non atopamos indicios arqueolóxicos de fortes desigualdades entre os enterramentos, algo común neste tipo de necrópoles rurais.

Cómpre subliñar tamén o ter atopado no interior de varias destas tumbas, seladas por monumentais cobertas de lousa, abundantes carbóns. Podemos es-

tar diante de evidencias de rituais de fonda raigame que tiñan lugar no mesmo intre da inhumación. As fontes escritas fálannos de lumes rituais e mesmo de cinsas do fogar que son depositadas canda o morto na tumba. No tocante ao enxoal funerario, nas tumbas desta época no norte da península adoitan apareceren materiais e obxectos *paganizantes*, como dentes de animais, doas de collar, sílex e moedas en tumbas bascas e coios e anacos de acibeche en tumbas asturianas. O mesmo acontece en necrópoles coetáneas de Irlanda. Nesta liña podemos interpretar as doas de collar aparecidas na tumba 1 de San Lourenzo na campaña do verán pasado. A este respecto, a limpeza e análise da fibela de cinto que penduraba da man dereita do individuo da tumba 17 poderá fornecer datos sobre esta ritualidade da morte en época altomedieval. Noutras dúas tumbas recollemos incluso dentes de herbívoro e nunha delas un depósito de escoura de ferro á altura da cabeza do finado.

O CASTRO DE SAN LOURENZO: UN RECURSO AO CARÓN DO CAMIÑO DE INVERNO

Máis alá dos obxectivos de investigación, de aumentar o coñecemento arqueolóxico da comarca ou de crear sinerxias na comunidade local, o proxecto arqueolóxico do Castro de San Lourenzo ten unha clara orientación turística e dentro desta estratexia, o Camiño de Inverno xoga un papel fundamental.

O castro sitúase a escasos 300 m. do trazado do Camiño de Inverno, polo que dende os inicio do proxecto, a chamada de atención dos peregrinos para facer un pequeno desvío foi unha prioridade.

O Castro de San Lourenzo é, polo tanto, unha peza clave dentro da estratexia turística municipal

do Concello da Pobra do Brollón relativa ao Camiño de Inverno. Para tal fin, débese implementar unha narrativa atractiva sobre o lugar, dotalo de xestión e incluílo dentro da rede do Camiño. Ao longo destas liñas, faremos un breve achegamento á estratexia que estamos a seguir para converter o Castro de San Lourenzo nun recurso ao pé do Camiño de Inverno.

A POBRA DO BROLLÓN: UNHA APOSTA POLO CAMIÑO DE INVERNO

San Lourenzo é a pedra de toque dunha estratexia municipal que abrangue máis alá dos muros do castro e que se basea en ofrecer unha rede de servizos para os peregrinos.

Nas distintas guías existentes sobre o Camiño de Inverno, A Pobra do Brollón aparece como unha zona de paso, unha zona intermedia nunha longuíssima etapa entre Quiroga e Monforte (34 km.) porén, as propias dinámicas dos peregrinos fixeron que pasenxo, A Pobra do Brollón se consolidase como unha fin de etapa alternativa, configurando dúas etapas más curtas – 22 km a de Quiroga-Pobra e 12km. a de Pobra-Monforte.

Esta situación deixá un marco no que se benefician tanto os establecementos hostaleiros como de restauración dun xeito maior que se só fose zona de paso.

Ademais, a consolidación como fin de etapa alternativa marca a captación dos peregrinos para visitar o castro: por unha banda, unha etapa más curta facilita ao camiñante facer un alto para visitar o Castro de San Lourenzo. Por outra, o efecto tamén se dá na outra dirección, é dicir, se o peregrino sabe que ten actividades complementarias, como a visita ao Castro de San Lourenzo, estará máis disposto a partir a etapa.



Peregrinos facendo un alto no Camiño e asistindo á escavación en directo.

Para que esta cadea funcione, o peregrino debe ter servizos na Pobra do Brollón. Neste sentido, na capitalidade do Concello, existen diversos locais de hospitalería nos que facer parada para refrescarse e alimentarse. Mención aparte merece o tema do aloxamento: ante a inexistencia de establecemento de durmida no centro da Pobra do Brollón, o Concello decide abrir un Albergue Provisional Solidario.

Este albergue, indicativo do compromiso municipal co Camiño de Inverno, supón un atractivo máis para favorecer que o peregrino durma no Concello. O obxectivo final é o de crear o clima axeitado para que un particular veva oportunidade de negocio e decida abrir un albergue privado. Mentre isto non acontece, o Concello suple unha carencia que botaría por terra toda a estratexia municipal sobre o Camiño de Inverno.

Por último, existe outro elo desta cadea para ofrecer un fin de etapa atractivo ao camiñante: A área recreativa de Samugueiros.

Trátase dun espazo situado no centro da Pobra, ao carón dos establecementos hostaleiros do concello. A área conta cunha zona de piscina fluvial, piscina infantil, duchas, merendeiro, parque infantil, zona de herba e un chiringuito. Ademais, a área é atravesada polo trazado do Camiño de Inverno.

Cada vez é máis habitual a estampa das mochilas apoiadas contra unha árbore mentres os portadores descansan refrescando os pés no río, a gorxa no chiringuito ou o corpo enteiro deitados á sombra.

Un albergue, unha zona de descanso e unha visita a un castro. Estes tres elementos configuran un horizonte moi atractivo para o camiñante e tres razóns de peso para que decida partir a etapa en dúas más curtas. Pés no río, unhas cañas, albergue e visita ao Castro de San Lourenzo ao día seguinte pola mañá.

O CASTRO DE SAN LOURENZO COMO RECURSO

O Castro de San Lourenzo leva dúas campañas ofrecendo visitas guiadas, tanto baixo reserva de grupos en calquera época do ano como en horario para público xeral en época estival.

Durante as visitas guiadas abertas do verán, o pasado 2017, recibiu unha media de 12 visitantes diarios, cifras que o sitúan como un dos lugares referenciais do turismo da Terra de Lemos.

Durante este tempo, puido configurarse unha narrativa sobre o xacemento entretida e inclusiva, para todos os públicos, que, máis alá de ter que ser retocada en función das novas descubertas específicas, posúe unhas liñas mestras definidas.

A primeira das liñas mestras ten que ver co tema comunitario e de comprender a parroquia de Cereixa. Durante a visita incídese na orixe comunitaria do proxecto, explícase o rol dalgún dos seus veciños no mesmo, cóntanse elementos da historia íntima da parroquia. Ao final da visita, evidénciase como os propios resultados arqueolóxicos inciden no coñecemento da Comunidade xa que a aparición da necrópole do século XII pon contra o espello á Cereixa do pasado e a Cereixa do presente. Uns veciños do século XXI que promoven un proxecto arqueolóxico no que acaban atopando aos seus veciños do século XII.

Esta narrativa conecta moi ben cos peregrinos sexa cal sexa o lugar de orixe xa que conecta con valores universais como a pertenza a unha comunidade. Todos pertencemos a unha comunidade de calquera índole e empatizamos coas ideas de esforzo colectivo.

Ademais, esta idea de Comunidade ten especial relevancia dentro do Camiño, xa que os peregrinos, polas condicións da súa viaxe, moitas veces pasan por lugares que non chegan a coñecer e moito menos a establecer conexións cos veciños. Neste caso, actuamos como correas de transmisión e o peregrino abandona Cereixa coa sensación de que coñeceu o lugar e aos seus veciños e ademais, que pasou a formar parte da Comunidade do Castro de San Lourenzo.

Por outra banda, xogamos tamén cun dos conceptos máis universais e que máis empatía espertan: a Morte. O feito de escavar unha necrópole axuda moito a poder facer un relato universal que enganche e emocione a calquera persoa de calquera lugar.

No caso do Camiño, este uso da Morte como elemento para a emoción e a reflexión é máis evidente, xa que moitos peregrinos están a realizar esa viaxe interior, reflexiva e existencial, polo que a potente



Reconstrucción dixital do templo de San Lourenzo. Carlos Otero

imaxé da comunidade do pasado mirándose no espe-
llo da actual encirra a reflexión.

Para rematar, a outra liña mestra da narrativa do Castro de San Lourenzo é o feito de contar cun edifi-
cio relixioso ao pé do Camiño de Inverno. Escavan-
do a necrópole de San Lourenzo e a súa igrexa o que
estamos a facer é afondar no coñecemento da cristia-
nización desta zona do mundo e en última instancia
das propias orixes do Camiño que están a facer.

Como vemos, a visita ao Castro de San Lourenzo
é moito máis que visitar pedras e falar delas. Pode-
mos converter un elemento arqueolóxico nun lugar
de reflexión no medio do camiño interior que están
a facer os peregrinos que nos visitan. Podemos xo-
gar con elementos tan universais e evocadores como
son Comunidade, Morte ou Relixión. Podemos facer
que os peregrinos se sintan acollídos na súa viaxe e
se sintan parte da nosa Comunidade. Podemos, en
suma, crear unha experiencia relevante e significativa.



Recorridos polo Camiño Inglés

Parque do Pasatempo-Betanzos.



San Andrés de Teixido.



Arsenal Militar de Ferrol.

El Camino de invierno en el relato de Gian Lorenzo Buonafede Vanti

Paolo Caucci von Saucken

Uno de los peregrinos que nos ha dejado con mayores detalles la descripción del *Camino de invierno* es sin duda Gian Lorenzo Buonafede Vanti que describe en ocasión del regreso de su larga, interesante, atareada y compleja peregrinación a Santiago de 1717.

No tenemos mucha información sobre la vida de este curioso y perspicaz peregrino. Casi todo lo que sabemos de él lo sacamos del relato que escribió en ocasión de su viaje, publicado en 1719 con el título de *Viaggio occidentale a S. Giacomo di Galizia Nostra Signora della Barca e Finisterrae*, por el famoso editor boloñés Costantino Pisarri¹.

Cuando realizó la peregrinación Buonafede Vanti tenía unos cincuenta años, había sido lector de teología en Bolonia y vivido en muchas ciudades italianas como Palermo, Perugia, Modena, Ferrara, Milano y Torino. Siempre por su libro sabemos que pertenecía a la orden franciscana y que había nacido en Castel San Pietro, cerca de Bolo-



nia. Leyendo su obra se notan una buena cultura y formación humanista y gran interés por el arte y la arquitectura prefiriendo, entre todos los estilos, el barroco, según la moda de su tiempo.

Su relato representa una fuente inagotable de informaciones y datos sobre los aspectos, cos-

¹ El texto ha sido editado por el Centro italiano di studi compostellani. GIAN LORENZO BUONAFEDE VANTI, *Viaggio Occidentale a S. Giacomo di Galizia, Nostra Signora della Barca e Finisterrae*, a cura de Guido Tamburini, Edizioni Università di Trieste, 2004.

tumbres, economía, mentalidad de la España del primer cuarto del siglo XVIII, así como unos de los testimonios más completos y significativos de la peregrinación a Santiago en esa época.

La fecha del viaje fue determinada probablemente por ser 1717 año santo compostelano ya que como él mismo explica "... esser caduta la festa di San Giacomo suddetto in giorno di Domenica". El jubileo compostelano de ese año será el mismo motivo que empujará a Santiago a otro famoso peregrino italiano, el hermano carmelita Giacomo Antonio Naia, que nos ha dejado también otro importante diario, aun si con carácter más picaresco y desenfadado.

Tenemos que subrayar que se trató de un año santo especial. Acababa de terminar la guerra de sucesión entre Borbones y Absburgo que había afectado a varias zonas de España y parado, como todas las guerras, el flujo de los peregrinos. Después del tratado de Utrecht se respiraba aire nuevo y deseos de paz y los peregrinos se hecharon nuevamente al camino. Su número fue tan alto que cuando se abrió la Puerta Santa hubo varios daños. Nos recuerda López Ferreiro que "...al abrirse la Puerta Santa en dicho año, tales fueron las apreturas, y tan densa la muchedumbre de los devotos, que hicieron salir de su asiento la reja con su pedestal de la inmediata capilla del Rey de Francia".

Buonafede Vanti confirma el gran concurso de gente anotando la enorme dificultad que había incluso para abrazar la estatua del Apóstol a causa de la multitud de personas que llenaba toda la iglesia.

Si consideramos que en el primer cuarto del siglo XVIII se sigue publicando muchas reimpresiones del *Viaggio in Ponente* de Domenico Laffi, que en Francia se editan numerosas pequeñas guías para peregrinos y que su paso está ampliamente documentado en los registros de los hospitales, podemos notar cómo en esa época sigue en auge el peregrinaje, a pesar de los obstáculos y de las restricciones que van apareciendo. En el siglo XVIII hay efectivamente una fuerte revitalización de la peregrinación compostelana, aun si a lado de buenos y devotos peregrinos hay un gran número de mendigos, pícaros y pordioseros.

En este contexto se coloca la peregrinación de Buonafede Vanti. Su *Viaggio occidentale* está dividido en 12 capítulos que corresponden a las doce cartas, una por cada mes de su largo viaje. Se dirigen a un desconocido "Amico" que aparece citado más de una vez y que probablemente es el patrón y protector del fraile. La forma de expresarse es coloquial, enriquecida por un vocabulario bastante amplio que permite entrever estados de ánimo, preocupaciones y emociones. Sin duda constituye un buen ejemplo de la literatura odepórica compostelana de la época. Además el texto tiene un importante valor por la gran cantidad de datos, indicaciones sugerencias, informaciones sobre los caminos, las costumbres, la historia y el arte de los lugares visitados.

Teniendo en cuenta que viaja con el *Viaggio in Ponente* de Domenico Laffi como guía, en principio su camino estaba programado para seguir el itinerario clásico de los peregrinos italianos, es decir atravesar los Alpes, pasar por la Francia

meridional y entrar en España por Roncesvalles. Sin embargo el riesgo de encontrar en el sur de Francia y en la parte vasca de los Pirineos franceses a los numerosos calvinistas que todavía vivían en esas comarcas y que obstaculizaban y ofendían a los peregrinos de paso, le hace dejar el trazado tradicional de “Languedoc y Vizcaya” para elegir y seguir un recorrido distinto. Así que de Bolonia va a Génova para buscar un barco que lo lleve a algún puerto español. Consigue un navío que lo conduce a Cádiz. Desde ahí remonta con otro barco el Guadalquivir hasta llegar a Sevilla en donde permanece varios días.

En Génova había firmado y enviado la primera de sus doce cartas. Como todas las demás las dirigirá a su no identificado y quizás imaginario *Amico*. La segunda será de Lisboa, la tercera y cuarta de Galicia, la quinta de Madrid. Las últimas siete describen el viaje de regreso, esta vez por Roncesvalles, habiendo evidentemente vencido el temor a los protestantes franceses. Todo el viaje había durado un año y las notas llegan a llenar un librete de pequeño tamaño, pero de 738 páginas.

La parte central de su relato está dedicada a su estancia en Galicia. Tenemos una descripción muy detallada de Santiago y un vasto *excursus* sobre Muxía y Finisterre. El autor los considera tan importantes como para ponerlos, como hemos visto, en el mismo título de la obra. Efectivamente la segunda parte de la III carta y toda la IV, ambas enviadas desde Compostela respectivamente el 16 y el 31 de Agosto, están dedicadas a la descripción de Santiago y a su estancia en Galicia. La costa atlántica sigue siendo un lugar fascinante y muy atractivo para

los peregrinos compostelanos. El antiguo mito del fin del mundo sigue atrayendo a muchos de ellos. No se ha acabado todavía el eco de la emoción del hombre medieval que se asoma a la orilla de un mar misterioso lleno de monstruos, surcado de islas errantes y donde Dante había colocado la misma entrada al purgatorio. En especial modo Buonafede Vanti es atraído por Muxía, llegando a traducir del español y a insertar en su relato un librito que trataba origen, culto y milagros de la Virxe da Barca.

EL CAMINO DE INVIERNO

Igualmente digno de nota es la descripción del camino que utiliza para volver a Italia que, como otros muchos, conlleva la visita a Valladolid, al Escorial y a Madrid, lugares que en esta época representan un inmenso atractivo político y cultural. Para realizar este propósito Gian Lorenzo Buonafede Vanti elige el camino de Monforte y del valle del Sil.

Sale de Santiago el día uno de septiembre, después de haber ido a despedirse de los canónigos de la catedral y haber bebido con ellos una buena taza de chocolate. Su primera etapa es Puente de



Casa - iglesia San Paio de Senra



Tímpano. fachada iglesia de San Paio de Muradelle



Convento MM. Clarisas Monforte

Ulla en donde es hospedado en la residencia de la familia de los Abraldes. El día siguiente llega a Lalín encontrando generoso cobijo en la casa del párroco. De este primer trozo recuerda la torre de la Reina Lupa, una fuente y una capilla dedicada a Santiago y cerca de Puente de Ulla unas ruinas que describe como pertenecientes a un antiguo convento de templarios....

De Lalín llega a un lugar que llama *San Pelagio de Muradelle* (¿San Paio de la Serna, Rodeiro?) en donde duerme en la casa del párroco don Clemente Fernández, franciscano. Durante el trayecto tiene la oportunidad de ser recibido e invitado a almorcazar por Don Pedro, Señor de Camba.

Podemos ya notar que no se hospeda en la estructura hospitalaria que debía de ser muy mala y sobretodo utilizada por los pobres transeúntes o por los mendicantes. Él es un fraile de buena cultura y prefiere evidentemente alojarse en las parroquias, en los conventos de su Orden, o en las casas de la nobleza local, al llevar consigo seguramente alguna carta de recomendación y presentación. Lo mismo le pasa en *Cortes* en donde es recibido en el palacio de los Quiroga y

en Tor, en donde Rosa Teresa Sarmiento insiste en que se quede a comer en su pazo. Al llegar a Monforte va directamente al convento franciscano donde fue “ottimamente trattato” por parte de sus cofrades.

En Monforte se queda dos días y nos deja una amplia descripción centrada sobretodo en los monasterios que las órdenes religiosas tienen en la ciudad. Le llama la atención la gran cantidad de reliquias, muchas de las cuales, dice, traídas de Nápoles, que halla en el monasterio de las



Pazo das Cortes

monjas clarisas, fundado, dice, por Catalina de la Cerda, mujer del VII conde de Lemos, don Pedro Fernández de Castro “Vicerè delle Indie e di Napoli”. No le escapa tampoco el Colegio de Nuestra Señora de La Antigua entonces iglesia y convento jesuita, hecho edificar por “Roderico di Castro Cardinale del fioritissimo Casato di Lemos”. La ciudad se encuentra en “bellissimo piano”, lleno de árboles, pero el aire según él no es demasiado bueno...

El siete deja la villa en dirección de Lor. Otra vez a lo largo del camino es atendido en la casa de una familia señorial que indica como de los *Darmestros*, servido en la mesa por la hija de los dueños, hermosa, comenta, de cuerpo y de alma. Por la noche será acogido en Quiroga en la casa del señor del lugar, don Rodrigo. La etapa del día ocho lo lleva a Monte Furado en donde será hospedado por el párroco de la Iglesia de San Miguel que le ofrece excelentes truchas.

Pasando por A Rúa de Valdeorra, jugando con las palabras, dice que el valle tendría que haberse llamado “val de uvas”, por la gran cantidad de viñedos y por el buen vino que se produce. A Rubiá, siempre pasando por bosques de castaños encuentra hospitalidad en casa de un bien-hechor de la orden franciscana. El 10 duerme en un pequeño convento de su orden perdido entre bosques llenos de lobos y malos caminos. Hace impresión esta pequeña comunidad en la que todos los frailes están enfermos, menos el guardián. Tres “cani ferocissimi”, defienden la comunidad y los que pasan por esos malos caminos de los ataques de los lobos.

El día 11 de agosto finalmente llega a Villafranca del Bierzo, para continuar luego su largo

viaje hacia Valladolid y Madrid, junto a unos vecinos de Muxía que iban a vender encajes y puntillas producidos en su pueblo.

Prácticamente sigue el *Camino de invierno* con unas variantes típicas de cualquier viaje de peregrino, que sale y entra en el itinerario principal según factores accidentales. Llama la atención que a lado del previsible alojamiento en conventos de su Orden y en parroquias, sea frecuentemente atendido en casas señoriales cuyos dueños probablemente aprovechaban la ocasión del paso de peregrinos cultos para tener informaciones y noticias de la vida social, política y cultural de mundos lejanos como podría ser sobretodo la Roma de los Papas y de la antigüedad clásica, una realidad muy remota, pero presente en el imaginario de todos.

Concluyendo, podemos decir que tenemos un importante testimonio de la peregrinación compostelana en el primer cuarto del siglo XVIII, que con toda evidencia ha tenido en esos años una fuerte recuperación. Otra particularidad del relato es su amplia descripción de Santiago, de Galicia y de sus cultos atlánticos, sin olvidar el interés para detallar el *Camino de invierno* que, a pesar de su nombre, Gian Lorenzo Buonafede Vanti realiza en un caluroso fin de verano. Claro que no olvidará la bajada al puente Belesar, ni su sucesiva subida, que cumple el 4 de septiembre, junto a otros viajeros, bajo un sol de justicia que les hace sudar abundantemente, imprecar y llegar al otro lado casi sin tener la fuerza de respirar. Afortunadamente viene atendido generosamente por Don Agustín Somoza y Quiroga, dueño de un pazo que encuentra en el camino, que le reconforta con “vino eccellentissimo”, permitiéndole de llegar al anochecer sin otros problemas a Tor.

O Conselleiro de Cultura recorre o Camiño de Inverno



En adega Via Romana.



Polos codos de Belesar.

Belesar.



Unha hospedería monástica na Ribeira Sacra

Flora Enríquez Rodríguez

Historiadora

INTRODUCIÓN

O mosteiro cisterciense do Divino Salvador de Ferreira de Pantón atópase situado na vila do Castro de Ferreira, en plena Ribeira Sacra. A súa orixe no século X vincúlase a unha fundación de carácter nobre e familiar. Despois dunha etapa beneditina, no ano 1175 foi anexionado á orde do Císter. Este mosteiro organízase arredor de tres estruturas arquitectónicas:

- A igrexa románica, do século XII
- O claustro renacentista, do século XVI
- O resto das dependencias, barrocas, do século XVII

Agás a igrexa de construcción medieval, as demás dependencias conservadas corresponden á Idade Moderna, momento en que a maioría dos



Mosteiro cisterciense de Ferreira. Vista xeral.

mosteiros galegos da orde do Císter comenzaron unha gran actividade artística. En palabras de Torres Balbás “[...] a partir del siglo XVI y hasta bien entrado el XIX, puede decirse que no dejó de sonar el cincel de los canteros dando forma a la piedra”¹. Despois deste xeito, en Ferreira renováronse o claustro e o resto das dependencias do conxunto monástico.

Emprazado no Val de Ferreyra (sic) e rodeado dunha monumental tapia, responde ó ideal de san Bieito: “Se é posible debe ser construído o mosteiro de forma que teña dentro todo o necesario, isto é, anga, muíño, horta e os diversos oficios, para que os monxes non teñan necesidade de andar por fóra, pois isto en nada aproveita ás súas almas”².

O mosteiro cisterciense do Divino Salvador de Ferreira é o único enclave relixioso da Ribeira Sacra que, tendo orixe medieval, segue a ter vida activa na actualidade. Ó longo da súa historia coñeceu momentos de esplendor, pero tamén de crises e penurias varias. As relixiosas, segundo a máxima beneditina de *Ora et labora*, mantivéronse firmes neste lugar dedicadas á oración e ó traballo. Hoxe en día, a comunidade está integrada por oito monxes. A relixiosas como estas referiuuse Álvaro Cunqueiro como *señoras monjas [...] que supieron regir la tierra y las casas; señoras abadesas de Ferreira, de Eiré y San Fiz, con nombres de amor y verso antiguo*³.

A HOSPITALIDADE MONÁSTICA

A función hospitalaria foi moi importante nas institucións monásticas. Mosteiros, abadías e priorados eran lugares de acollida en vida e tamén despois da morte. Beneditinos e cistercienses amosaron sempre unha fonda tradición na recepción de peregrinos e viaxeiros. A regra de san Bieito recomenda a recepción e atención á xente que se achegaba a estes lugares: “A todos los hóspedes que chegan ó mosteiro recibíbanos como ó mesmo Cristo [...]”⁴.

Xentes de distinto ámbito social acudían a estes lugares que ofrecían moi diversos servizos (hospedaxes, hospitalais, boticas...) e neles recibían asistencia e curación. Pódese dicir que os mosteiros eran case os únicos centros [...] que podían garantir, na Galicia dos séculos centrais da Idade Media, algún tipo de coidado médico⁵.

As instalacións dedicadas ó aloxamento e hospitalidade eran frecuentes nos mosteiros masculinos, que tiñan persoas encargadas destas tarefas, non tanto nos femininos, de maior precariedade económica e arquitectónica. Nos primeiros, os monxes *staleros ou albergarius* atendían ás persoas que chegaban ó lugar. Segundo as investigacións de Miguel Ángel Cernadas, semella que no monacato occidental distinguíanse dous tipos de hóspedes acorde ó seu rango e eran atendidos por monxes diferentes: “o ele-

¹ TORRES BALBÁS, L.: *Monasterios Cistercienses en Galicia*.

² Regra de san Bieito. LXVI, 6-7.

³ CUNQUEIRO, Á.: *Revista Lucus*.

⁴ Regra de san Bieito. LIII.

⁵ ANDRADE CERNADAS, J. M.: *Monxes e mosteiros na Galicia medieval*, páx. 93.

mosynarius, encargado de recibir e atender ós hóspedes de menor rango [...] e o custos hospitum responsables da recepción e aloxamento dos visitantes de categoría”⁶.

Na Ribeira Sacra temos textos que fan referencia a este tipo de aloxamentos, como vemos nos exemplos seguintes:

- En San Clodio de Ribas de Sil, por onde discorre o Camiño de Inverno, existiu unha abadía na que se hospedou don Diego de Guzmán, capelán maior e esmoleiro dos reis Filipe III e Margarida de Austria, á volta da peregrinación que, por encargo do monarca, fixo a Santiago de Compostela nos meses de setembro e outubro de 1610.

Ó regreso, no seu percorrido polo Val de Quiroga, conta que o xoves 14 de outubro: [...] llegamos al anochecer a las casas que llaman del dicho valle y allí salio don Alonso de Solís, abbad de San Clodio y por vna barca nos paso a las casas de su abadía [...] Dormimos en la casa de la dicha abadía y al amanecer salimos della⁷.

A volta da súa peregrinación fixoa por unha ruta distinta. Dende Lalín, chegan a Chantada e, atravesando o Miño, pasan por Monforte, Quiroga e O Barco para chegar a Ponferrada. Esta ruta alternativa empregábase entre Compostela e O Bierzo [...] como medio de evitar las asperezas, bien conocidas por peregrinos y viajeros, de la ascención al Cebreiro y máxime en un mes como octubre, que puede llegar a ser casi invernal en ese lugar⁸.

- Na vixaxe que frei Martín Sarmiento realizou a Galicia no ano 1745, na súa volta a Madrid fixo noite no priorado de San Román de Moreda, en terras de Pantón.

El viernes 17 salí de San Esteban para San Román de Moreda, priorato de Samos, y anduve cuatro leguas. Cuesta de San Esteban. Barca y en ella pasé el Cabe. Frontón, feligresía, legua. Sargude. A la derecha el priorato de Cangas. Ynguende, legua, antiguamente Guende. Serode, San Fins de Cangas (188 r.) Priorato de las monjas de San Payo, legua. Castro. Río de Ferreira. Ferreira, feligresía, y Ferreira, monasterio de bernardas. Pantón, feligresía. Follés. Verdeal. Nogueiras, fuente y arroyo. Cornedo. San Román de Moreda, y al surueste dos leguas el priorato de Chouzán o Riazó, priorato de San Payo. El priorato de Moreda tiene a un cuarto de legua al surleste a San Salvador de Moreda, que es priorato de la Encomienda de Quiroga. San Román, por el camino que traje, dista cuatro leguas de San Esteban. Hice noche⁹.

Ademais de acolleren a viaxeiros e peregrinos, as abadías e os mosteiros eran tamén lugares de acollida despois da morte. Nobres, señores e campesiños facían doazóns, denominadas *pro-anima*, co fin de que os monxes os tiveran presentes nas súas oracións e puidesen asegurarles a inmortalidade da alma.

Dende o século XIII, xeneralizouse o costume de que os laicos se enterrasen nos mosteiros e o de Ferreira non foi alleo a este sentir. Na

⁶ ANDRADE CERNADAS, J. M.: *Obra cit.*, pág. 91.

⁷ VÁZQUEZ CASTRO, J.: *La peregrinación a Santiago de Diego de Guzmán*, páxs. 192 e 193.

⁸ VÁZQUEZ CASTRO, J.: *Obra cit.*, páxs. 60 e 61.

⁹ FREI MARTÍN SARMIENTO: *Viaje a Galicia (1745)*.



Enterramento de Diego de Lemos. Século XV.

documentación conservada no mosteiro atopamos testamentos que fan referencia ó desexo de inhumarse neste lugar. O testamento foi o medio relixioso, case sacramental, de asociar as riquezas á salvación. Neles dispoñíanse as derradeiras vontades de tipo material e espiritual. Vérmolo nalgún dos testamentos conservados no arquivo de Ferreira:

En 1413, Lourenzo Domínguez, morador en Piñeiro de San Paio de Diamondi, expón: *Primeiramente mando a miña alma a Deus padre e a Santa María, súa madre, e a San Pero e a San Paulo e a San Miguell o ango, que ma reçiba quando me do corpo seyr.*

Item mando sepultar meu / corpo enno mosteiro de Ferreira.

Item mando ao dito mosteiro hun canado de viño e hun corteiro de grásā. [...]

Item mando que / me teñan aa sepultura trinta clérigos. [...]¹⁰

A ANTIGA HOSPEDERÍA

A coñecida coma antiga hospedería serviu tradicionalmente de aloxamento ós traballadores do mosteiro e o persoal que axudaba nas tarefas agropecuarias propias destas institucións. No arquivo faise moitas veces referencia a este tipo de persoal. Así en 1753, había en Ferreira cinco criados maiores de dezoito anos e catro criadas.

A hospedería está situada na zona norte do mosteiro e forma un ángulo recto coa fachada principal. Presenta planta rectangular organizada en dous corpos.

A planta baixa, dedicada desde sempre a cortes e almacéns, construíuse en aparello de cincotaría granítica. A segunda planta presenta na súa fronte unha ampla solaina con sete columnas clásicas, apoiadas nunha fermosa balaustrada, toda ela construída con granito. O acceso a esta planta faise por unha escalinata de vinte chanzos, con balaustrada de características semellantes ás da solaina, que lembran as construcións tradicionais de Galicia.

A fachada posterior está realizada en aparello irregular e mostra unha gran portada de arco rebaixado na planta baixa e catro pequenas fiestras. Aquí, unha sinxela escaleira serve de acceso

¹⁰ FERNÁNDEZ VIANA Y VIEITES, J. I.: *Colección Diplomática del Monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón*, páxs. 146 e 147.



Nova e antiga hospedería e casa do capelán. Vista xeral.

á primeira planta, na que se abren seis ventás e un balcón. Interiormente amosa unha sala con cheminea francesa e seis pequenos cuartos rectangulares con corredor central, separados por tabiques de morteiro. Estes cuartos comunican coa solaina a través de cinco portas.

Parte desta edificación é a coñecida coma *casa do capelán*, sinxela vivenda remodelada recentemente. A presenza dos capeláns no mosteiro foi unha constante dende a súa orixe. Nos documentos do arquivo recóllese nalgúns momentos a existencia de douis capeláns coetáneos. En 1345, actuando coma testemuñas en documentos forais, atopamos a [...] *Roy Pérez e Fernando Anes do Castro, clérigos capeláns do dito / mosteyro [...]*¹¹.

Os capeláns moraban e enterrábanse no mosteiro. Un relixioso exclaustrado do mosteiro de San Clodio, frei Vicente de la Fuente, foi director espiritual e confesor da comunidade de Fe-

treira. Faleceu en 1873 e está enterrado nunha sepultura acaroada á ábsida da igrexa.

As relixiosas de Ferreira tiveron capelán propio ata a década de 1970, o último dos cales foi don Vicente López Rodríguez, que compaxinaba as tarefas espirituais do mosteiro coa atención a parroquia de San Martiño de Pantón.

Seguindo o Plan Director, dirixido polo arquitecto Iago Seara Morales, nesta zona do mosteiro realizáronse intervencións nos chans, nos teitos e nas cubertas, levadas a cabo nos primeiros anos do século XXI. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia ten intención de continuar con estas obras, que consistirán nunha casa de espiritualidade-albergue cunha zona de habitación colectiva masculina e feminina, ademais de douis cuartos individuais, un pequeno *office-comedor*, unha capela-oratorio e unha sala de reunións.

¹¹ FERNÁNDEZ VIANA Y VIEITES, J. I.: *Obra cit.*, pág. 63.



A comunidade e o seu capelán, don Vicente López Rodríguez. Ano 1959.

Ademais destas actuacións, pénsase na posibilidade de instalar nunha parte da planta baixa da antiga hospedería e da casa do capelán, así como noutras zonas do edificio actualmente sen uso, un museo relacionado co patrimonio artístico do propio mosteiro e tamén de toda a Ribeira Sacra.

A HOSPEDERÍA ACTUAL

En relación co espírito de acollida que tradicionalmente tiveron sempre estes centros relixiosos, e segundo a traxectoria amosada por outros mosteiros galegos beneditinos e cistercienses asentados na zona rural, Ferreira iniciou o acondicionamento dunha parte do mosteiro para unha nova hospedería. Coa súa apertura,

a intención das relixiosas foi, por unha banda, proporcionar un espazo para a reflexión e o encontro con un mesmo, e pola outra, ofrecer un servizo espiritual, achegando ós hóspedes a aspectos relixiosos e a Deus.

Conseguir un ambiente de silencio e reflexión, lonxe da celeridade e as présas que dominan o mundo moderno, guiaron as relixiosas nesta nova tarefa. O monxe cisterciense Thomas Merton lembranos a importancia do silencio e a busca da paz interior: [...] *todos los hombres necesitan un mínimo de silencio y de soledad en sus vidas para poder escuchar la profunda voz interior de su verdadero ser [...]*¹².

A nova hospedería de Ferreira sitúase na primeira planta do corpo central do mosteiro, edi-

¹² MERTON, T.: *La vida silenciosa*, pág. 178.



Claustro do mosteiro. Século XVI. Espazo de meditación e silencio.

ficada no primeiro terzo do século XVIII, con fachada ó xardín. As obras foron realizadas a finais da década de 1980 e dirixidas polo padre Juan María Vázquez, monxe de Oseira, e inauguráronse no ano 1992.

Dende a portería accédese á zona de hospedaxe por unha escala de moderna factura, onde se instalaron catro dormitorios, un dobre e tres individuais, que levan o nome de personaxes e santos relacionados coa comunidade cisterciense: San Bieito, San Bernardo, Santa Humbelina e Irmán Rafael. Cada un destes cuartos dispón dun amplio balcón. As instalacións complétanse cun pequeno comedor que comunica coa clausura a través dun tradicional torno.

Á beira da hospedería sitúase o actual locutorio, tamén de nova factura, onde as relixiosas

atenden ós visitantes. É un espazo amplo e lúminoso, no cal unha celosía de madeira, lembranza das antigas reixas e das severas normas que rexeron a clausura noutros tempos, separa o ambiente privado do público. Nesta dependencia atopamos unha monumental chemeña francesa, que coma outras moitas que hai neste recinto monástico, facilitaban o acondicionamento do interior e pónennos en relación coa categoría social das mulleres que ingresaron neste lugar no século XVIII.

É unha hospedería feminina, que acolle tamén ós familiares das relixiosas e a persoal doutras ordes. A madre abadesa recibe ás hóspedes dándolles a coñecer a hospedería e outras zonas monásticas nas que non rexe a clausura estrita. Explica o tipo de vida e as normas que se deben seguir: a duración da estancia (xeralmente



Madre Cruz no novo locutorio.

entre oito e dez días), os horarios, a posibilidade de participar nos diversos oficios relixiosos, así como a de colaborar nas tarefas diárias, tratando de que a hóspede sexa unha persoa máis na vida cotiá do mosteiro.

O servizo que as monxes ofrecen non busca beneficio económico, senón fundamentalmente espiritual, por iso a estancia se aboa dun xeito totalmente voluntario. Con todas as comodidades do mundo actual, esta hospedería amosa un gran respecto pola austerdade que caracterizou dende sempre as institucións da orde cisterciense.

A XEITO DE CONCLUSIÓN

É importante que os mosteiros continúen a ter as funcións para as que foron concibidos ou, polo menos, algunas delas. Coido que Ferreira conserva a función relixiosa, a cultural e a de acollida. O desenvolvemento que os lugares de retiro, oración, paz e recollemento e, moi especialmente, as hospederías monásticas están a ter na actualidade reforza ese intrínseco espírito de acollida que dende a súa orixe posuiron estes lugares.

A hospedería actual do mosteiro de Ferreira resulta moi insuficiente para as persoas que solicitan aloxamento, por iso a casa de oración-albergue que se pretende instalar axudaría a paliar esta escaseza de prazas e permitiría a presenza de grupos, nun momento en que o Camiño de Inverno, oficializado coma ruta de peregrinación a Santiago hai dous anos, está experimentando un forte desenrolo. Esta ruta atravesa os lugares do Reguengo, San Lourenzo, Castrotañe, O Piñeiro, Outeiriño, A Xesteira, Virís e Galegos, todos eles en terras de Pantón.

Refírese madre Cruz (abadesa do mosteiro) que persoas de moi diversa profesión, idade e sexo aceptarían de bo grao acollerse neste lugar, que amosa unha serie de aspectos moi positivos: unha inmellorable situación no centro da Ribeira Sacra, doados accesos, boas comunicacións e un edificio histórico con amplas zonas verdes e axardinadas... Aquí encontrarán un remanso de paz e tranquilidade.

E para rematar, quero fazer referencia a unha hóspede moi especial, a María Victoria Moreno, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas do ano 2018. Segundo contan os seus biógrafos,

“a intensidade no traballo e o constante ir e vir acaban pasando factura e como para facer un alto na súa vida, coma se quixese subir a un outeiro e dexergar dende ali todo o que a arrodeaba e coller folgos, na primavera de 1994 decide instalarse no mosteiro de Ferreira de Pantón, onde volverá outra semana a finais de febreiro de 1995. Nestas breves estadías adoitaba a participar nos traballos da comunidade relixiosa, ler, reflexionar e, de vez en cando, escribir cartas” [...]. Nunha destas, María Victoria Moreno escribe: “Aquí hai moita paz, moito silencio, moita soidade da boa”¹³.

Bibliografía

- ANDRADE CERNADAS, José Miguel: *Monxes e mosteiros na Galicia medieval*. Biblioteca de Divulgación. Universidad de Santiago, 1995.
- ARQUIVO. Mosteiro cisterciense de Ferreira de Pantón.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *Revista Lucus*.
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, Rafael: *Viaxe ó silencio. Hospedaxe e acollida nos benedictinos e cistercienses galegos rurais boxe. Unha perspectiva antropolóxica*. Nino. Santiago. 2000.
- FERNÁNDEZ VIANA Y VIEITES, José Ignacio: *Colección Diplomática del Monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón*. Diputación Provincial de Lugo. 1994.
- FREI MARTÍN SARMIENTO: *Viaje a Galicia (1745)*. Edición y estudio de J. L. Pensado. Universidad de Salamanca. 1975.
- MERTON, Thomas: *La vida silenciosa*. Editorial EDHSA. Barcelona, 1960.
- REGRA DE SAN BIEITO. Traducción e breve introducción polo P. Martín Mª Día., M.B. As ediciones do Adro. S.E.P.T. Santiago, 1982.
- SEARA MORALES, Iago: *Plan Director do Mosteiro Cisterciense de Ferreira*. 2001.
- SOTO, Isabel e SENÍN, Xavier: *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*. Edicións xerais de Galicia. 2018.
- TORRES BALBÁS, Leopoldo: *Monasterios Cistercienses en Galicia*. Santiago, 1954.
- VÁZQUEZ CASTRO, Julio: *La peregrinación a Santiago de Diego de Guzmán*. Diario inédito de 1610. Alvarellos Editora. Santiago de Compostela, 2014.

Da súa estadía no mosteiro cisterciense do Divino Salvador de Ferreira, deixounos como agasallo tres sonetos recollidos no libro *Elexías de luz*. A eles pertenecen estes versos:

*Eu quixera ficar aló en Ferreira,
lonxe da presa, do pesar, do pranto,
onde a paz aloumiña en doce canto
que entoa un merlo en leria cunha freira.*

Encontros con Asociacións do Camiño de Santiago

Asoc. de Sevilla



Asoc. de Palencia



Asoc. de Palencia

Asoc. de Caltagirone- Sicilia



Asoc. de Caltagirone- Sicilia

Aqua Quintina, un estratéxico nó viario romano no percorrido do Camiño de Inverno

Javier Gómez Vila

Doutor en Arqueoloxía e H^a Antiga

Nas vías romanas do norte de *Gallaecia* pode apreciarse claramente, como mínimo, dúas etapas construtivas. A primeira, levada a cabo polo propio emperador Augusto, sería no propio momento da conquista, durante as Guerras Cántabras, para poder avanzar co exército ou mesmo xusto ao seu remate cando levou a cabo a fundación das cidades como medio de control e organización do territorio. Estas necesitaban obviamente un bo nó de comunicacións para poder levar a cabo o seu principal obxectivo e tamén para poder abastecerse desde os portos. Neste senso poden explicarse as vías que comunicaron *Lucus Augusti* cos portos de *Brigantium* e *Iria Flavia* e a propia comunicación ca outra gran urbe do norte como era *Asturica Augusta*. Como vemos un proceso romanizador concreto, detallado e efectivo pero que deixaba grandes zonas interiores sen estruturar.

Pero se as cidades foron o principal motor de desenvolvemento da sociedade galaico-romana, en segundo nivel estaría o importante papel xogado polo exército romano. De feito, nesta *Gallaecia* romana existe como mínimo un segundo


momento organizativo que tería lugar durante a época flavia (fins do s. I), ademais do xa comentado de Augusto. Tanto Vespasiano coma os seus fillos Tito e o odiado Domiciano, ademais de emprender fastosas obras lúdicas na capital do imperio coma o anfiteatro Flavio, alcumado popularmente como Coliseo, observaron que a organización augusta carecía dun verdadeiro proceso urbanizador e dunhas comunicacóns básicas nas zonas do interior da *Gallaecia*. Desste xeito, estes emperadores flavios propiciaron a partir dos anos setenta a creación de novos núcleos urbanos que levan o seu nome, é o caso de *Aquae Flaviae* (Chaves, Portugal); construíron novas vías de comunicación, como a Vía XVIII ou a Vía Nova, cun claro sentido comercial, e levaron a cabo unha reforma da presenza militar romana no noroeste que afecta, áinda que sexa de maneira indirecta, a nosa zona de estudio. A reforma consistiu no asentamento de dúas unidades militares, cohortes, no noroeste cos obxectivos de controlar o territorio e de impulsar a construcción de obras públicas que, na maioría das veces, eran planificadas polos enxeñeiros militares.

Estes campamentos situáronse de maneira estratégica, de xeito que un controlaría o sur de Galicia e o norte do actual Portugal e outro o norte de Galicia.

O de *Aquis Querquennis* foi situado en Porto Quintela, Baños de Bande (Ourense), moi preto do parque natural do Xurés e da fronteira co país veciño. Os 480 soldados auxiliares (é dicir, recrutados entre os indíxenas) que albergaba tiveron como principal obxectivo a construción

da vía de enlace entre Braga e Astorga. Paralelamente, xurdio a carón do campamento e da recente vía unha mansión, ou sexa un establecemento hostaleiro, que co paso do tempo terminou converténdose nunha cidade e enguliu as propias instalacións militares.

Se *Aquis* foi o motor do sur, o campamento de Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña) foi o revulsivo do norte. O propio lugar de asentamento desta *Cohors I Celtiberorum* obedece desde



Mapa coas vias e sitios galaico-romanos más significativos.

logo a unha clara estratexia de vixilancia e control da zona, xa que se sitúa no punto intermedio das dúas vías de unión entre a capital conventual *Lucus Augusti* cos seus portos: *Brigantium* (A Coruña) e *Iria Flavia* (Padrón). Esta situación intermedia permitiría un fácil e exhaustivo control tanto dos tres enclaves mencionados coma das súas comunicacións, e proporcionaba un rápido desprazamento de tropas a calquera punto desta área en caso de necesidade. De feito, os soldados auxiliares de cidadela tamén terían a misión de vixiar o perímetro costeiro do norte, para o que contarían cunha vía que a través de Guitiriz, Xermade e Ourol alcanzaría a costa pola zona de Viveiro ou Xove. Hai que ter en conta que as dúas vías orixinarias que enlazarían a capital conventual cos seus portos mudarían lixeiramente o seu trazado para pasar a carón do campamento unha vez construído a finais do século I. Neste momento, nacería a vía que ía cara ao norte e que permitiría o control deste territorio e favorecería o seu desenvolvemento económico.

Temos que ter en conta que as pegadas deixadas polos militares na zona son tremendamente importantes e apreciámolas claramente nos testemuños epigráficos de cultos a deuses indíxenas ou orientais típicos deles. Un famoso exemplo é o templo/culto de Mitra en Lugo, promovido polo centurión da *Legio VII Gaius Victorius Victorinus*, recadador de impostos por certo, ou mesmo o culto que un anónimo militar lle profesaba á deusa indíxena da auga *Cobretena* en Guitiriz (Gómez Vila, 2012).

Outro elemento integrador que levaron a cabo estes emperadores flavios citados foi a concesión aos galaicos do *Ius Latii*; e dicir, o dereito á cida-

danía latina ideado como medio de integrar as élites dos territorios anexionados por Roma no Estado. E, de feito, outorgábanseles algúns dos dereitos inherentes dos cidadáns romanos coma o sufraxio, o desempeño de cargos públicos..., aínda que tamén obrigas de tipo militar e tamén fiscal, xa que o que se buscaba realmente era estender as bases onde obter maiores ingresos. Co paso do tempo, esta latinidade estendeuse por todo o imperio.

Creemos que seria precisamente nesta reorganización Flavia cando se procedeu á construcción das dúas vías que non ocupan ao mesmo tempo ou xusto despois da construcción da Vía Nova. Agora ben, a que vai de Lugo a Braga terá probablemente unha reconstrucción en tempos do emperador *Caracalla* a xulgar pola gran cantidade de miliarios deste emperador que galonan a vía. Tamén sería a partir deste século III cando esta ruta collería verdadeiro pulo e converteríase no motor de desenvolvemento da zona.

1. AS COMUNICACIÓNES ROMANAS NO SUR DA PROVINCIA DE LUGO

O principal problema das vías nesta zona é a case total ausencia de referencias nas fontes itinerarias, carencia en parte liquidada pola escavación de varios enclaves e pola abundante epigrafía viaria, ben sexa miliarios ou dedicatorias aos lares viarios, que permiten facer unha interpretación coherente do sistema viario, sobre todo se engadimos os exemplares ourensáns.

Como vemos no mapa adxunto da rede viaria no sur de Lugo destanques tres vías moi importantes:

Mapa síntese da rede viaria romana no sur da provincia de Lugo

So se resefan os restos epigráficos e arqueolóxicos vinculados directamente á via romana *Lucus - Aquis*



Miliarios

1. Esperante (Lugo). Anepígrafe. [ERPL, 36]
2. Entrambasaujas (Guntín). Caracalla. [ERPL, 35; HAE, 314; IRG;II;2; IRPL, 96. CPEM2]
3. Seteigrexas (Monterroso). Caracalla. [Acuña Castroviejo, Caamaño Gesto 1979, 29-33; Arias Vilas 1998 10-11; ERPL, 143; IRPL, 95; CPEM3]
4. Vilela (Taboada). Anepígrafe. [Álvarez Asorey 2001, 257-258; CPEM4]
5. Orbán (Vilamarín). Carino? E Ilegible. [AFFE (1987) 427 y 429]
6. Fontao (Tamallancos, Vilamarín). Numeriano. [AFFE (1997) 538]
7. Venda Nova (Bóveda, Amoeiro). Anepígrafe. [AFFE (1997) 552]
8. A Farixa (S. Cibrao das Viñas). Constantino. [AFFE (1997) 570]
9. San Cibrao das Viñas. Carino. [AFFE (1997) 569]
10. Faramontaos (A Merca). Anepígrafe. [AFFE (1997) 575]
11. Vilanova dos Infantes (Celanova). Anepígrafe. [AFFE (1997) 574]
12. Vilanova dos Infantes (Celanova). Caracalla. [AFFE (1997) 568]
13. Barxiña (Celanova). Caracalla. [AFFE (1997) 567]
14. San Lourenzo de Cañón. Hijos de Constantino. [AFFE (1997) 571]

Dedicatorias aos Lares Viales

1. Aqua Quintina (Chantada). ERPL, 3; CPE1
2. Belesar (Chantada). [IRPL, 60; IRG;II;8; HAE, 1715; ILER, 579; Lambrino 1964, 223-242; ERPL, 12; CPE8]
3. Castillós (Ferreira de Pantón). [IRPL, 63; Arias Vilas 1992, 234; Vázquez Saco 1958, 273; Ares Vázquez 1972 y 1973, 186 y 86; Pérez Losada 2002, 286; ERPL, 27]
4. Castillós (Ferreira de Pantón). [IRPL, 64, Arias Vázquez 1973, 84-85; Arias Vilas 1992, 234; Pérez Losada 2002, 286; ERPL, 25]

– A que enlaza dunha maneira directa as capitais conventuais de *Lucus* e *Bracara* a través de Ourense e do campamento de *Aquis Querquennis*, sen necesidade de coller a outra vía, a Vía XIX, que bordeaba toda a costa das Rías Baixas que supoñía un enorme rodeo na realidade.

– A Vía Nova ou Vía XVIII que enlaza a capital conventual de *Bracara* coa de *Asturica*. Unha ruta que, como vimos, é de finais do século I e que foi levada a cabo pola cohorte asentada no campamento de *Aquis Querquennis*, por onde tamén pasa e onde tamén existía unha *mansio* viaria.

– A vía transversal que unía o enclave de *Aqua Quintina* coa zona da Rúa de Petín, a través dos cóbados de Belesar, Castillós, Monforte e Montefurado.

1.1. A Vía *Lucus Augusti – Bracara Augusta* por *Aqua Quintina* e *Aquis Querquennis*

Esta vía é unha das grandes descoñecidas da *Gallaecia* romana debido a que non foi nomeada nas fontes itinerarias tradicionais, circunstancia que foi consideraba clave na investigación viaria durante varias décadas. Pero a existencia ou non, e mesmo a importancia, dunha vía non está en relación directa coas fontes itinerarias. A día de hoxe aínda non é posible establecer os criterios que seguiron os redactores destes documentos viarios á hora de incluír ou non certas rutas, pero o que esta claro é que a importancia que tiveron na antigüidade non foi un motivo por si mesmo para a súa inclusión.

A única fonte na que aparece citada é nas Táboas de Barro de Astorga que son un conxunto

de catro táboas de arxila que ao parecer acháronse a fins do século pasado na zona de Astorga e que pertencían á colección Soto Cortés de Lastra en Cangas de Onís. Posteriormente foron adquiridas pola Excmo. Deputación Provincial de Oviedo para o Museo Arqueolóxico Provincial onde se conservan actualmente.

Segundo as informacións proporcionadas por Diego Santos (1985, 254) as catro placas están rotas en numerosos anacos que foron reconstruídos con perda dalgún pequeno fragmento. Cada placa ten forma rectangular e as súas medidas son de cada unha 0,14 m. de alto por 0,12 m. de ancho. Só unha delas conserva na parte superior un asa “en forma de cola de anduriña”, co correspondente buraco para colgar, asa que se supón terían as catro placas. Están asinadas por C.LEP.M.II VIR e describen cinco itinerarios do Noroeste da Península coas mansións e as distancias en millas.

Aqua Quintina esta citada concretamente na placa II dun xeito difuso e moi complicado de interpretar. Dela interésanos sobre todo a segunda parte do texto, xa que a primeira refírese ás mansións e ás distancias da Vía XIX.

O problema que presenta esta zona da placa é que se atopa moi fracturada, sobre todo na súa parte central e esquerda. Este deterioro, con importante perda de material do soporte, provocou a case total destrucción do texto. Agora ben, nesta liña o que se está a indicar é un asentamento intermedio entre *Lucus* e *Dactionum* que a maioría dos autores identificaron co *Aqua Quintina* mencionado por Ptolomeo en territorio dos *Seurri* e que veremos a continuación. De igual modo,



Táboa de barro de Astorga. Placa II



VIA LVCO AV[GVS]TI A/D
DATIONVM]

AQVA[E] QVINTI TLA[E]?

DACTIONVM IX? (X)

C.LEPM

II VIR

Dactionum tamén é identificado polo xeógrafo grego como núcleo dos *Lemavi* e que se correspondería con Monforte de Lemos ou Castillós.

Esta deterioro ao que aludiamos anteriormente, provocou tamén a perda parcial da indicación da distancia entre Lugo e a primeira mansión. Do seguinte tramo intermansionario tan so pódese intuír un “IX” ou un “X”, detrás da “m” de *Dactionum*, dunha cifra que sería mais longa. Este numeral, e a pesar de estar incompleto, constitúe unha excelente proba de que *Aqua Quintina* está situada en Quintá e de que *Dactonium* podería corresponder co asentamento de Castillós xa que a distancia entre eles é de 26 km, seguindo a vía romana, e dicir XIX millas. Un “X” é polo tanto a grafía que lle falta á Placa de Astorga.

Outro elemento esencial para o estudio e localización dun camiño romano son os miliarios. Destacan en primeiro lugar os 14 exemplares que esta vía posúe entre Lugo e Ourense. Unha cifra nada despreciable que ademais nos permite trazar o seu itinerario dun xeito seguro, como se

pode comprobar no mapa síntese da rede viaria romana no sur da provincia de Lugo. Pero, ademais, estes miliarios tamén nos permiten facer unha datación bastante segura da época na que a vía estaría en funcionamento. Deste xeito, todos os miliarios pertencen aos séculos III e IV d. C. e, o que aínda é máis sorprendente, catro dos 14 miliarios pertencen ao emperador Caracalla (211-217 d. C.), entre eles os dous da nosa área de estudio. Este feito lévanos a formular a hipótese de se sería precisamente este emperador o que reparou a vía nesas datas. Sexa como for, debemos ter en conta que no sur de Ourense enlaza coa Vía Antoniniana XVIII e sabemos que a construcción desta vía, tamén chamada por esta motivo Vía Nova, se realiza a fins do século I. De feito, é de aceptación xeral que a súa construcción se debe aos flavios, concretamente aos emperadores Tito e Domício, que a construirían no ano 80. Chegados a este punto, tamén cabe formular outra hipótese distinta en relación coa autoría da súa construcción, porque non sería estranxo que nesta mesma época, ou na inmediatamente posterior, se

procedese a practicar a derivación cara a Lugo desde *Aquis*, conseguindo unha ligazón rápida e curta das tres capitais conventuais do noroeste peninsular. Neste caso, a función do emperador *Caracalla* quedaría relegada como dixemos antes á de mero reparador da vía cen anos despois.

Esta avanzada cronoloxía vese tamén corroborada por outros restos arqueolóxicos desta ruta, como por exemplo os epigráficos, monetais e cerámicos. Esta circunstancia pódese rastrexar en todos os puntos arqueolóxicos do percorrido, sobre todo nos que se practicou algúns tipo de escavación arqueolóxica, como por exemplo en Quintá de Agrade. Este feito tamén se pode facer extensible á ruta transversal entre Agrade e a Vía XVIII a través de Castillós, como veremos posteriormente.

En segundo lugar, esta vía posúe unha serie de puntos viarios romanos tardíos moi importantes que merecen unha explicación máis detallada sendo o máis senlleiro o de *Aqua Quintina* (Quintá, Chantada).

1.2. A Vía *Aqua Quintina - Foro Guigurorum* polos cóbados de Belesar e *Dactonium*

A importancia que cremos que tivo na súa época esta ligazón transversal nunca se viu correspondido polo trato que as fontes documentais lle dispensaron. Como mencionabamos no apartado anterior, de época antiga, a única fonte que de maneira indirecta e parcial o suxire é a segunda Táboa de Barro de Astorga. A súa función principal foi comunicar o porto de *Iria Flavia* coa zona mineira de Montefurado – Serra do Courel.

A documentación medieval, sen ser demasiado explícita, achega interesantes informacións sobre as rutas de comunicacións existentes nesta zona durante esta época. A noticia máis senlleira quizais sexa a mención da chamada *strata de Castellion* (Ferreira Priegue 1988, 229) que, unha vez máis, volve salientar a importancia que a nivel viario tivo o asentamento de Castillós. De feito, nunha doazón datada no 968 xa se sinalaba este camiño que cruza Castillós como antigo: “*in Lemos, in vila que vocatur Castilinis... sicut dividitur per antiquam carrarium*” (AHPO, T.S. Clodio 1611, 37).

Os distintos camiños medievais que se poden reconstruír a partir desta documentación medieval pódense rastrexar en Ferreira Priegue (1988, 225-229). Segundo esta autora, os trazados utilizados por dous deles poderían ter a súa orixe na antiga vía romana, concretamente os denominados “de Monforte a Belesar pola calzada romana” (1988, 229) e “de Montefurado a Barxa de Lor” (1988, 224), itinerario que posteriormente foi tamén utilizado polo Camiño Real e que aparece mencionado por primeira vez nun documento do ano 922.

Tampouco as fontes contemporáneas foron excesivamente xenerosas no seu tratamento e centráronse máis ben na análise dos puntos arqueolóxicos da zona ca no estudo do seu percorrido e características. Así, por exemplo, as únicas referencias indirectas son as ofrecidas por Carlos Nárdiz (1992, 114-115) e Pérez Losada (2002, 288-289). No primeiro caso, menciónase simplemente unha ruta que enlazaría as explotacións auríferas de Montefurado e a conca baixa do río Lor, cos portos atlánticos

de *Iria Flavia* ou a actual Vilagarcía de Arousa. Segundo este autor (1992, 115), o cruzamento do Miño realizábase por Belesar, outro punto crucial no seu percorrido a Castillós.

Pola súa banda, Pérez Losada (2002, 288-289), na análise que leva a cabo dos aglomerados secundarios romanos da antiga *Gallaecia*, trata concisamente esta vía como parte do estudo do espazo que ocupa o núcleo de Castillós.

Agora ben, para entender esta vía temos que ter en conta as importantísimas explotacións auríferas situadas na serra do Courel e a impreciosa necesidade que Roma tivo de dotar a zona dun sistema viario que permitise tanto o transporte do material extraído coma o movemento de tropas para garantir a súa seguridade.

As investigacións de Luzón Nogue, J. M. e outros en 1980 sobre estas actividades mineiras nesta zona permitiron detectar dunha maneira rotunda dúas vías romanas con funcións claramente mineiras e comerciais. Por unha banda, a ruta que transcorre paralela e por ambas as marxes da canle do río Lor en todo o seu percorrido e, por outra, a vía que nos ocupa, que para estes autores (1980, 76) enlazaría coa anterior á altura da ponte de Barxa de Lor.

En boa lóxica, e se temos en conta a estrutura de camiños de toda esta zona, dedúcese que tanto a vía de acceso ao Courel como a transversal cara a *Foro* (Caamaño Gesto 2009), deberon ser posteriores á Vía XVIII ou Vía Nova e, por tanto, posteriores ou contemporáneas á época flavia; e dicir, finais do século I d. C. Este suposto tamén está avalado polos achados arqueolóxicos periféricos de ambas as rutas.

Desde *Iria Flavia* a vía achegaríase ao Monte do Faro posiblemente a través de Grava (Silleda, CIRG II, 121) e Santa Baia de Camba (Rodeiro, CIRG II, 89), a xulgar pola existencia de dúas dedicatorias aos Lares Viarios nestes puntos. De feito, nesta zona de Rodeiro, concretamente no lugar de Saa atopáronse tres miliarios anepígrafes que poderían estar vinculados ao paso da vía. Outros xacementos como o Agro de Campo, o Agro de Méndez, a temperá e espectacular vila romana de Porta de Arcos (Fafián) ou mesmo o Castro de Vence tamén poderían ter algún tipo de relación. Precisamente, a carón deste último xacemento mencionado apareceron abundantes restos romanos e un epígrafe funerario, dedicado a *Lumina* (CIRG II, 84), onde se menciona o nome dun castro: *Olea*, palabra celta co significado de “campo”. A distancia de 28 km que o separa de *Aqua Quintina*, que sería o seguinte punto viario, fainos sospeitar que este xacemento podería actuar de mansión viaria.

Había un antigo camiño que salvaba a Serra do Faro polo seu extremo sur como se pode rastrexar nas informacíons proporcionadas por Formoso Lamas en 1905 “Achase, pois a referida igrexa de Agrade a legua e media desta vila, en dirección Oeste, inmediata á Serra do Faro, e nun outeiro independente daquela, próxima ao desfiladeiro chamado Matanza, por cuxo punto pasa o camiño que de Chantada conduce a Lalín...”. Agora ben, isto non quere dicir que este antigo camiño fose a vía romana da cal nesta zona áinda non se teñen datos concluíntes.

Non hai demasiados evidencias para trazar o percorrido da vía desde o núcleo viario de *Aqua Quintina* (Quintá) a Belesar, a modo de hipótese podemos intuir que a vía toma di-



Calzada nos Cóbados de Belesar.

rección noroeste para dirixirse a Chantada a través das poboacións de Santa Cruz de Viana, San Pedro de Viana, onde áinda son visibles restos de calzada en moi mal estado de conservación, e Sitiós. Moi probablemente cruzaría a actual poboación de Chantada polo sur para, acto seguido, iniciar o descenso cara ao curso fluvial do río Miño a través dos lugares de Santo Estevo e Líncora.

Tanto neste tramo da marxe oeste do Miño coma no seu posterior da marxe leste, a vía describe uns pronunciados zigzag co obxectivo de diminuir a pendente e favorecer o tránsito. Este sistema, comunmente utilizado nos camiños antigos de distintas épocas, xa foi explicitado por Henri Gautier a fins do XVII como o método idóneo para salvar a pendente dunha montaña. Na *Gallaecia romana* foi empregado de maneira moi eficiente nos chamados cóbados de Larouco da Vía XVIII, coa intención de ascender 254 m desde a ponte romana sobre o Bibei ata o alto da Ermida Vella en tan só 2,5 km, o que representaría unha pendente superior ao 10 %. Neste

caso, os construtores romanos souberon alongar a traza da vía ata chegar ao 5,6 km e adaptáronse ás particularidades do terreo a base de pronunciados zigzag e de diminuir a pendente, ata conseguir unha uniforme do 4,5 %.

Un sistema similar ao empregado para salvar o río Miño polo lugar de Belesar que, áinda que é máis discreto ca o anterior, cumple perfectamente cos mesmos obxectivos.

Sen dúbida, este tramo, que podemos denominar como cóbados de Belesar, é o mellor conservado de toda esta vía. En todo o seu percorrido, atópase empedrado con bloques de considerable tamaño perfectamente compactados formando unha magnífica calzada duns 3,5-4 m de anchura media. Esta estrutura superior aséntase sobre outra capa inferior formada por pedras de menor tamaño trabadas con area e arxila. O conxunto resultante é unha estrutura tremendaamente compacta que resistiu perfectamente o paso do tempo.



Detalle da calzada. Desaugadoiro para facilitar a drenaxe. Sistema similar ao atopado na calzada de Vilouriz (Toques, A Coruña) da Vía XIX e tamén no Camiño Primitivo, lamentablemente hoxe en día desaparecida (Goméz Vila 1993).

A caixa da vía tamén foi coidadosamente preparada e practicáronse numerosos cortes na ladeira da montaña formando unha base de sustentación a modo de costa pendente para establecer a estrutura viaria sobre o propio noiro cando así o requiría a escaseza de espazo.

No súa parte superior, xusto antes de chegar ao lugar de Montecelo, os construtores víronse na necesidade de practicar uns cortes verticais no propio terreo para poder manter a pendente da vía. O resultado é unha enorme trincheira duns catro metros de profundidade que encaixa totalmente a calzada no terreo circundante da

obra. Tan só son apreciables os peitorís, os taxamares semicirculares e a súa propia vía de tránsito que, do mesmo xeito ca o resto do camiño, é de calzada.

Aínda que tampouco se conserva a dedicatoria aos lares viarios achada en 1941 na Igrexa, a conxunción de todos estes factores pódennos dar unha idea da suposta importancia que pudo ter Belesar durante a época romana como paso crucial do Miño.



Antiga ponte de Belesar en 1935. Albúm fotográfico El Progreso (1997, 37)

Desde o lugar de Montecelo, a vía diríxese cara ao leste a través dunha serie de poboacions testemuñadas en época romana mercé a exemplares epigráficos. Desta forma, o camiño salvaría o lugar de Mourellos, Millarada, Fión, para

alcanzar posteriormente o importante núcleo de Castillós a través dos lugares de Cerdeiro, Vilaravides e Camiño Grande.

A pesar de que queda fóra dos límites xeográficos deste traballo, cremos importante recalcar a importancia que tivo Castillós como asentamento romano e núcleo viario e tamén as similitudes que puido ter con *Aqua Quintina*. Grazas ás investigacións levadas a cabo por Arias Vilas (1992, 228) e por Pérez Losada (2002, 282), podemos concluír que en Castillós se desenvolveron sobre todo actividades domésticas - moenda, cociñado de alimentos, tecido, adorno persoal e metalurxia - e quizais tamén comerciais, polo que debeu de ser un pequeno aglomerado romano viario e, segundo Pérez Losada, débese identificar con *Dactonium* (2002, 289).

2. *AQUA QUINTINA* (O PEDREGAL, QUINTA, CHANTADA)

A escavación deste xacemento debeuse a unha casualidade, foron uns traballadores os que ao facer unha gabia para meter as novas canalizacións de auga á poboación atoparon un tesouriño de moedas romanas, que foi espallado pola escavadora e que se converteu en obxecto de rapina. Dise incluso que algunas estaban tan perfectas que pagaban con elas as consumicións en bares da Barrela sen que se notase diferenza coas actuais. Grazas á acción das autoridades, puidéronse recuperar 2426, áinda que é probable que estas tan só sexan unha cuarta parte das que habería nun principio.

O conxunto arqueolóxico de Quintá atópase no contorno da cabeceira do río Asma, próximo ao monte Faro polo oeste e ao curso fluvial do Miño polo leste. Posúe varias correntes fluviais, coma o rego de Bermún e o río Mareco, que converten este val nunha zona moi rica en recursos naturais, ideal para a explotación de recursos agropecuarios. Ademais, conta con recursos forestais e tamén mineiros na próxima serra do Faro.



O Pedregal. Perspectiva dunha das zonas de escavación do xacemento.

Falabamos de conxunto porque, relacionado co xacemento de Quintá e moi próximo a el, temos tres puntos máis: a igrexa, da que xa falara Formoso Lamas a principios de século, o castro de Esmoriz e o asentamento romano de Rairo. Lamentablemente, desta igrexa de Agrade non temos más datos, agás os proporcionados polo escritor chantadino (Gómez Vila, Mar Neira, 2017, pax. 115-116.)

Do segundo punto o castro de Esmoriz está a día de hoxe moi alterado á hora de construir pistas e de cavar parte da súa superficie, momento no cal se atopou un torques de ouro vendido a uns colecciónistas e varios muíños.

O terceiro é o xacemento de Rairo, onde ao construír unha nave apareceron restos dun muro, un *pondus* (que non se atopa no Museo Provincial de Lugo como aparece nalgúnsas fontes) e un muíño.

Ademais, destes xacementos mencionados chama poderosamente a atención o resto da propia contorna arqueolóxica, xa que estivo altamente poboadha durante a época romana. Localizáronse dez recintos castrexos, outro asentamento romano en Leiras Vellas documentado pola aparición de *tegulae* e ladrillos, como vimos anteriormente, e catro indicios máis dos cales non é posible obter máis datos.

2.1. Cara a unha definición do xacemento.

Presenta toda unha serie de trazos, tanto construtivos como de localización, que o converten nunha entidade relevante na zona, de época tardía entorno aos séculos III e IV, como o resto de xacementos da contorna¹. Durante o seu curto período de funcionamento combinaba dúas funcións que se poden rastrexar dun xeito claro nos restos arqueolóxicos.



Ola de cociña e vaso negro de mesa aparecidos durante as escavacións.

¹ Noutra ocasión xa tivemos a oportunidade de tratar detidamente boa parte dos restos atopados en Quintá e de facer unha análise deles así como explicar a orixe do nome de *Aqua Quintina* e a relación co xacemento (Gómez Vila, Mar Neira, 2017, pax. 117-131).

2.1.1. Mansio. É dicir pousada do camiño, ofrecendo todo tipo de servizos aos viaxeiros como aloxamento, comida ou cambio de cabalerías. Esta actividade está testemuñada por diferentes elementos tales como situarse nun cruce de camiños, a gran cociña e pucheiros atopados na escavación, gran cantidade de estancias e, sobre todo, pola aparición dun ara dedicada aos deuses dos camiños, os Lares Viais, depositada no Museo Provincial de Lugo.

Non debemos de olvidar que este asentamento ven citado tanto nas Táboas de Barro de Astorga como na xeografía de Ptolomeo.

O primeiro caso xa o analizamos no apartado 1.1 deste traballo e concluímos como *Aqua Quintina* é citada por ser un no viario neste cruce de camiños reflectidos por este itinerario.


O segundo documento á que aludíamos anteriormente é a xeografía de Claudio Ptolomeo, un matemático e astrónomo de Alejandría que na primeira metade do século II escribe en grego unha voluminosa obra titulada “*Geographias Hyphégesis*” ou Guía de Xeografía. Dos oito libros en que se divide a obra *Hispania* describese no libro II, reservando o I para unha introdución de carácter xeral.

En realidade, trátase dunha enumeración dos distintos pobos que habitan en cada unha das provincias da península, xunto ás súas cidades e accidentes xeográficos principais. Cada un destes datos é situado no espazo xeográfico a través dun sistema de coordenadas baseado en paralelos e meridianos, expresando as medidas angulares en graos e minutos. Con todo, o valor que lle confire Ptolomeo ao grao é di-

ferente ao actual, polo que a localización de moitos dos lugares que cita na súa obra non se corresponde coa realidade ou é complicado establecer a súa localización exacta.

Chegados a este punto é interesante fixarse na toponimia onde se sitúa o xacemento: Quinta, palabra que garda unha obvia relación ca *Aqua Quintina* das Táboas da Barro.

2.2. Actividade industrial. A xulgar polo nome o que parece claro é a íntima relación deste asentamento ca auga. Isto non constitúe ningunha novedade no mundo romano. Estamos moi habituados a percibir a gran importancia lúdica que lle daban ao prezado líquido. As grandes termas urbanas ou os pequeno *balnea* dos asentamentos rústicos son un elemento clave na cultura romana, que influíu dun xeito claro mesmo á hora de elixir a propia situación do asentamento: *Aqua Flaviae*, *Aquis Celenis...* Xunto a este compoñente, a auga tamén tiña outros usos encamiñados a satisfacer as propias necesidades humanas, agrícolas – gandeiras e mesmo industriais. En ámbolos dous casos esta auga “domesticada” da cultura romana necesitaba dunha infraestrutura que a achegara ás zonas de uso e mesmo lle dera saída as augas residuais sobrantes. O político romano Frontino, na súa obra “*Aquaeductus urbi*”, afirmaba que estas obras de enxeñería hidráulica eran mais útiles e importantes que as propias pirámides de Exipto ou os templos gregos. Espectaculares acuedutos, inmensas cloacas, longuísimas canalizacións por riba e debaixo da terra... ainda son visibles deste enorme esforzo construtivo que se lle concedeu a auga no mundo romano. Obras que melloraban sustancialmente a vida dos habitantes e tiñan




Puntos de captación, distribución e depósito de augas en *Aqua Quintina*. Sobre eles a zona de edificación (A). Á esquerda o Castro de Esmoriz (B).

polo tanto unha enorme repercusión e agradecemento social. Moitos emperadores, ou mesmo aristócratas, custearon estas infraestruturas e, sábedores da fama e recoñecemento que acadarían, as bautizaban co seu propio nome, en feminino iso sí, para que concordase ca primeira palabra que sempre era Aqua. As distintas conduccións de auga da propia cidade de Roma son un bo exemplo: *Aqua Claudia*, *Aqua Augusta*, *Aqua Traiana*. E no noso caso *Aqua Quintina*. *Quintinus* seria polo tanto o que construíu a estrutura hidráulica e, probablemente, tamén o propietario do asentamento ou polo menos dunha parte. E necesario sinalar que estas “augas” romanas non teñen porque ter necesariamente propiedades salutíferas. Pode ser simplemente auga canalizada

para uso doméstico, termal, gandeiro, agrícola e industrial. Dependendo da zona que sexa do asentamento rural o prezado líquido tería funcións distintas.

Nas prospeccións levadas a cabo no xacemento, sempre ca inestimable axuda dos propietarios da casa do Zoqueiro, puidemos descubrir nove conduccións / galerías de auga no perímetro sur do xacemento na zona de ruptura de pendentes que podemos ver no mapa adxunto. No caso das minas de auga (níums. 1,4,8 e 9) trátase de túneles de forma elíptica de mais de 15 metros de longo practicado no sábrexo no corte dun desnivel do terreo. Presentan sobre 1,7 m. de altitude e uns 60 – 70 cm. de ancho permitindo o paso sen problemas dunha persoa adulta. No seu exterior ainda



Galerías de minas de auga. A da esquerda en *Aqua Quintina* (nº. 1) e a da dereita no acueduto de *Segobriga* (Saelices)

conservan os restos dos que foron estanques para almacenar a auga. Este sistema de captacións sobre mananciais naturais que corren por debaixo da terra foi moi habitual en época romana. Un bo exemplo é o pequeno acueduto que abastecía a cidade romana de *Segobriga* (Saelices – Cuenca) que constaba de catro minas que desembocaban nunha galería, idéntica á atopada en Quintá, tamén de forma elíptica e coas mesmas medidas de 1,75x0,7 m. Probablemente o acueduto romano da propia cidade de Lugo, no seu tramo inicial do Castiñeiro, recollería as augas dun xeito semeillante, das fontes existentes na zona da Piringalla

a través de diversas galerías de drenaxe que percorrerían o nivel freático para desembocar posteriormente nun depósito colector.

Como vemos, estamos ante un enorme esforzo construtivo para dotar ao asentamento duns recursos hídricos de considerable entidade, excesivos sen dúbida para un xacemento estándar, que lle conferirían o seu propio sinal de identidade que quedaría plasmada no seu propio nome de *Aqua*. Uns recursos e infraestruturas que serían desproporcionados para un asentamento que só se dedicase á función de *mansio* e ás actividades agrícolas gandeiras que sempre levan parello.

Deste xeito, cremos que esta outra actividade que se levaría a cabo en *Aqua Quintina* sería o cultivo e transformación de liño e estopa. Na época romana estes tecidos eran moi apreciados, sobre todo para confeccionar roupa, aínda que a estopa tamén era moi empregada para elaborar as mechas das lucernas ou mesmo os propios fachos, denominados *funalia*, xa que ao principio se empregaban para iluminar o traslado do cadáver, de onde ven a palabra funeral. Quizais o asentamento mais famoso en *Hispania* que levaba a cabo este tipo de producción era a Vila de *Cornelius* en l'Énova (Valencia).

Sabemos que este cultivo se desenvolve en Galicia desde moi antigo acadando unha enorme importancia a partir da Idade Media ata o século XIX no que praticamente desaparece.

Este liño cultivado (*Linum usitatissimum*), tamén chamado galego, é una planta anual que pode alcanzar desde 30 cm. ata un metro de altura. Dependendo da zona, plántase a finais de abril nunha zona regada xa que necesita humidade. O val de Agrade cumpre perfectamente estes

requisitos porque, ademais de ter o río Asma, parte desta auga do xacemento se puido empregar para estes fins. A principios de Agosto arríncase coa raíz e se rípa para quitarlle a semente, que tamén se empregaba tanto para curar queimaduras como para efecto laxante. A continuación vén o proceso de “empozado” necesario para que o liño se abrande. Consiste en metelo en depósitos, a ser posible de auga estancada, durante 15 días afundíndoo con pedras. A continuación veñen os procesos de secado, mazado, espadelado e restrelado. Despois sócanse tres febras, a primeira e mais basta son os cabezos, a segunda a estopa e a terceira e mais fina o liño. Estas febras son lavadas cun xabón suave. Estes dous procesos de empozado e lavado explicarían esa sucesión de estanques e minas existentes no perímetro sur do xacemento. Por último, vén o proceso de cocción, que se fai nun recipiente grande con auga fervendo, xabón e cinza de carballo para suavízalo e branquealo. A enorme lareira e parte dos pucheiros atopados serían empregados polo tanto nesta fase.



Bibliografía

ALCORTA IRASTORZA, E. *Cerámica común romana de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad*. Ed. Fundación Barrié de la Maza. 2001.

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, O. *Arqueoloxía 1999-2005*. MPL.

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y; LÓPEZ GONZÁLEZ, L. F. e IGNACIO MONTERO RUIZ. Datos sobre el tesorillo tardorromano de monedas de El Pedregal (Chantada, Lugo), en *Boletín del Museo Arqueológico Nacional* n°s: 24, 25,26 (2006/07/08). Páxs: 99-108.

ARIAS VILAS, F. “O xacemento galaico-romano de Castillós”, en *Finis Terrae*, Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 225-256. 1992.

CAAMAÑO GESTO, X. M. *La Vía Nora 18 del Itinerario de Antonino en su tramo galaico*, Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilaba. 2009.

FERNÁNDEZ OCHOA, C, MORILLO CERDÁN, Á e F. GIL SENDINO. El Itinerario de Barro. Cuestiones de autenticidad y lectura. *Zephyrus*, LXX, xullo-decembro 2012, 151-179. Universidade de Salamanca.

GÓMEZ VILA, J.

– “A vía romana no concello do Corgo”, en *Corga*, n.º 1, pp. 36-45. 2010.

– *Epigrafía romana de la provincia de Lugo* (ERPL). 2009.

– *Vías romanas de la provincia de Lugo*, USC, Santiago. 2006.

– “Caminos y túmulos. Aproximación al estudio de los caminos megalíticos en el noroeste peninsular”, en *Actas del Tercer Congreso del Neolítico Peninsular*, Santander. 2003.

– “Dedicatorias a los Lares Viales en la Provincia de Lugo”, en *Gallaecia*, n.º 23, pp. 135-154. 2004.

– “Os Castros da Terra do Corgo”, en *Corga*, n.º 5, pp. 38-55. 2014.

– “O tramo inicial da vía romana *Lucus Augusti-Aquis Querquennis*”, en *Larouco*, n.º 3, pp. 147-157. 2002.

– “Focos cristianos primitivos en torno a la vía romana *Lucus Augusti-Aquis Querquennis*”, en *Lucensia*, n.º 25, pp. 227-240. 2002b.

– “Prospección arqueolóxica do Camiño Primitivo de Santiago e da vía romana XIX nos concellos de Toques e Melide”, en *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide*, pp. 5-42. 1993.

– “As vías romanas na provincia de Lugo. Achegamento á súa problemática”, *Historia Nova I*, pp. 15-31. 1993b.

GÓMEZ VILA, J. (Coor). *O Eco do Ulla*. 2001.

LÓPEZ GONZÁLEZ, L. *Memoria da escavación de urxencia de Quintá de Agrade*. Memoria inédita. 1992.

LOVELLE, M. e QUIROGA, J. L. “El poblamiento rural en torno a Lugo en la transición de la antigüedad al feudalismo”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XLVII, fascículo 113, Santiago. 2000.

MADOZ, P. *Diccionario geográfico, estadístico, histórico de España y sus posesiones de ultramar*, 16 vol., pp. 1846-1850.

NAVEIRO LÓPEZ, J. L. e PÉREZ LOSADA, F: “Un Finisterre atlántico en época romana: la costa Galaica”, en *Current research on the romanization of the western provincias*. Bar internacional series s575. 1992.

PÉREZ LOSADA, F.

– “Contribución ao estudo da cerámica de construcción na Galicia romana”, en *Galicia, da romanidade á xermanización*, pp. 241-262. 1992.

– “Hipocaustos na Galicia romana”, en *Gallaecia*, n.º 13, pp. 129-176. 1992b.

– “Sobre a vila romana de Noville (Mugardos)”, en *Ferrolterra Galaico-Romana*, pp. 85-136. 1997.

– “Entre a cidade e a aldea. Estudo arqueohistórico dos aglomerados secundarios en Galicia”, *Brigantium* 13. 2002.

RODRÍGUEZ COLMENERO, A.; FERRER SIERRA, S. e F. M. HERVES: “El complejo arqueológico romano de *Aquis Querquennis*. Porto Quintela, Ourense”, en Rodríguez Colmenero, A. (1996 coord.): Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico. Actas do Congreso Internacional. 1996

II Andaina Escolar polo Camiño de Inverno



Camiño de Inverno por Pantón - O Saviñao.



Entrevistas de Onda Cero en Pazo Aixeriz.



Repartindo augas de Asoc. Hosteleria lucense.

Charlas no Camiño de Inverno nos Centros escolares

Ceip de Quiroga.



Escola Oficial de Idiomas Monforte.



Ceip A Gándara - Monforte.



Ceip Quiroga.

Vestixios preshistóricos e históricos no percorrido do camiño de inverno ao seu paso polo concello de Rodeiro (Pontevedra) Primeiro tramo

Luis Fernando Pérez Méndez

Psicopedagogo e Historiador

SANTUARIO DO FARO

A uns 1.187 metros de altura e no cume da serra do Faro, que separa no interior de Galicia as provincias de Lugo e Pontevedra, atópase o *Santuário do Faro*, dende onde o peregrino pode contemplar unha paisaxe de suma beleza do interior de Galicia, cun horizonte que se perde na lonxanía.

Dende tempos inmemoriais se fai referencia de peregrinación a este Santuario. As primeiras noticias datan do século VIII e falan dunha primitiva Ermita e dunha Torre nas súas proxi-

midades que servía de faro e guía aos cristiáns. O trovador Xoán de Requeixo, quen no século XIII compuxo un senlleiro cancionero dedicado á romaxe do Faro: *Fui eu, madre, en romaría a Faro con meu amigo e veño del namorada por quanto falou comigo xa mi xurou que morría por mi, tal ben me quería!* No século XV menciónase o traslado ao seu emprazamento actual e, os señores das casas de Camba e Taboada parece ser que tiveron bastante que ver en tal feito, na persoa de don Lope de Camba e Taboada.





Algúns investigadores sinalan a posibilidade de que dita capela e terras próximas a ela pertencían á Casa e Fortaleza de Camba quenes promoveron a devoción á Virxe, de isto último non existe constancia documental propia pero, si do feito de que durante o século XVIII os señores da Casa de Camba tiñan dereito de presentación de crego en dita capela.

Foi nese século XVIII cando se inciaron as obras de reforma da capela, sendo esta ampliada a petición seguramente de don Melchor de Camba Ozores perante o Provisor e Vicario do Bispado de Lugo no ano de 1746, motivada polo seu estado de conservación. Foi tamén nese século cando comezou o seu apoxeo e fervor relixioso, se cabe ainda máis, como lugar de peregrinación cristiá e de protección de animais domésticos. Existe documentación, dessa época, que fai referencia á donación de centeo por parte de veciños das parroquias limítrofes tal é o caso de don Tomás Pérez Somoza e Varela veciño da Casa Grande de Loureiro (Santa Baia de Camba) quen donaba *varios ferrados anuais á Virxe para a protección dos seus animais*. A día de hoxe é unha da romaxes cristiás más populares da Galicia interior.

MÁMOAS DO MONTE CABEZA

No inicio do camiño de Inverno e entrando xa no concello de Rodeiro atopamos un conxunto de tres túmulos prehistóricos que componen a *necrópole do Monte Cabeza*, moi cerca do Porto do Faro. Atópanse a unha altitude de 873 metros, na divisoria dos concellos de Rodeiro e Chandela. A maior delas ten un diámetro de 17 m. cunha altura de túmulo de 1,20 m.

O concepto de túmulo pertence ao fenómeno do megalitismo. O megalitismo fai referencia a un fenómeno arquitectónico – cultural que se da en Europa durante o IV e II milenio antes de Cristo. Os túmulos do Monte Cabeza, que teñen unha función funeraria, son da época do Neolítico; unha época que tivo os seus comezos no IV milenio



antes de Cristo e, que supuxo importantes transformacións para as sociedades humanas (sedentarización, domesticación de animais, fabricación de materiais líticos...).

CASA E FORTALEZA DE CAMBA

Continuando o camino chegamos á *Casa e Fortaleza de Camba*. As orixes desta Casa atópanse na alta idade media, na que a familia Camba exerceu o seu dominio e propiciou unha época douada no concello de Rodeiro. Un dos membros da familia participou na toma de Granada, foi Fernando de Camba.

A Casa atópase unido á igrexa de San Xoán de Camba a través dun pasadizo superior que permitía que os nobres acudiran os oficios relixiosos sen saíres o exterior. Existen documentos que xa sitúan unha primitiva capela no século IX doada como pago por un censo, mais contando ca autoridade do bispo de Lugo.

Constitúe a *Fortaleza de Seoane de Camba* un claro exponente da evolución dende a casa forte medieval ata as estruturas palacianas propias dos séculos XVII e XVIII. Ten planta de U e conta cunha torre e dúas chemineas do século XVIII. Accédese o mesmo por unha escalaera que leva o patín de entrada. A torre do homenaxe, onde está gravada unha vieira, ten planta cadrada e unha fermosa ventana na segunda sala. Ten uns muros de 1,70 de ancho.

Os Camba e/ou Rodeiro foron una das familias máis poderosas que deron estas terras de Deza. Referímosnos aos Rodeiro, algún de cuxos membros alcanzou o cargo de Merino Maior de Galicia. A finais do século XIII as terras de Camba foron concedidas polo infante Sancho a Vasco Fernández de Rodeiro, o seu vasallo, nas cales construíu unha fortaleza (Rodeiro), que perduró ata o século XIX. Posiblemente da mesma época é a de Camba ou, polo menos, a súa parte antiga, a torre de homenaxe do castelo. Sobriña de Vasco foi Maior Vázquez de Rodeiro, casada



con Alonso Suárez de Deza, adiantado maior de Galicia, asasinado polo arzobispo Berenguel de Landoira na Rocha en 1320. Neto seu foi Álvaro de Camba e Taboada, a quen Alfonso XI concedeu Privilexio de «Rico home» como señor do Castelo de Rodeiro, o seu alforz e da Fortaleza de Seoane de Camba. Foi irmán de Lope de Camba e Taboada, pai de Fernando de Camba e Lope de Taboada, entre outros. Fernando de Camba herdou a Fortaleza de Seoane de Camba.

Descendente de Fernando de Camba foi Pedro de Camba Villamarín, quen fundou o vínculo e Morgado da Fortaleza de Camba no ano 1548, que seguiu en posesión dos seus descendentes ata Melchor de Camba Ozores, a finais do XVII, que finou sen descendencia, pasando a Casa e Fortaleza ás mans do seu Parente Fernando de Miranda Vivero e Camba, da Casa de Lagariños (Ourense). A principios do século XX a *Casa e Fortaleza de Camba* ou Casa do Cabaleiro de Camba pasou a ser propiedade de Manuel Pérez Fafián, natural da Casa Grande de Loureiro (Santa Baía de Camba, Rodeiro).

IGREXA DE SAN XOÁN DE CAMBA

A *igrexa de San Xoán de Camba* estivo dende sempre ligada á Casa e Fortaleza de Camba. A súa construción data seguramente de principios do século XIII, figurando, nun principio, como capela da Fortaleza de Seoane de Camba para posteriormente cumplir a función de igrexa parroquial de San Xoán de Camba.

Durante séculos, a esta igrexa localizada dentro da jurisdicción, criminal e civil, da Casa de Camba, correspondíalles aos señores de dita casa o dereito de patronato, nomeamento de cura ou abade rural de devandito templo, ata que a finais do século XVIII pasou a pertencer á jurisdicción de Camba e Rodeiro, pertencente á dignidade arzobispal de Santiago, quedando como vestixio o dereito ao uso da tribuna, privada ata 1985 para os señores da casa.

Dos seus elementos destaca o arco triunfal un dos elementos arquitectónicos más importantes da igrexa, románico, de gran interese escultórico, é de pechadura de herreradura apoiado sobre un par de semicolumnas encostadas ás bases do mesmo e unha dobre archivolta exterior, unha con ornamentación de cordo e a outra ajedrezada entre ambas unha especie de follas vegetales no centro; estas archivoltas están apoiadas nunha imposta, prolongación dos ábacos das columnas do arco inferior. Os fustes son curtos sobre sinxelas bases con plintos con molduras lisas e en cordo e con cabezas humanas nas esquinas que actúan como garras.

O capitel do muro norte ten unha composición que se inspira no tema de Daniel entre os leóns, o animal colocado á esquerda leva entre os seus fauces a outro máis pequeno; o da dereita ten a boca aberta. A súa imposta, ten nas esquinas unhas cabezas e unha decoración en espirales no centro.

No capitel ao lado oposto, hai unha ornamentación floral similar ás follas de palmera terminadas en bolla, nas esquinas ten unhas pequenas

volutas e no centro unha cabeza humana rudamente traballada. Na imposta, represéntase uns círculos que encerran unhas rosetas.

Destacan tamén as capelas funerarias que se atopan no presbiterio desta igrexa, teñen o sepulcro protexido baixo arcosolio e están orientadas litúrgicamente cara ao este e mirando cara ao arco do altar maior. Encima dos seus arcosolios están os brasóns dos seus titulares. Figurando as armas dos Camba, Taboada, Ozores, entre outros.

SEPULTURA DE FERNANDO DE CAMBA



No adro da Igrexa de San Xoan de Camba está unha *sepultura* que se atribúe a Fernando de Camba, falecido en 1510, participante na guerra de Granada cos Reis Católicos, nun estado de conservación aceptable e que constitúe un elemento único na comarca do Deza.

Possiblemente se trata dunha xacixa reutilizada. Con varios escudos totalmente erosionados, coas amas dos Camba. Destaca a fronte, con representacións de armas, castelos e ata torneos ou loitas caballerescas. A día de hoxe está pendente de recuperación e cambio de localización, ao interior da Igrexa.



MARCO DO PERDÓN

Moi próximo á Casa e Fortaleza de Camba, áchase na beira do *Camiño de Inverno*, o marco cilíndrico da imaxe, coñecido como o *Marco do Perdón*. O señor da Casa de Camba tiña *xurisdicción civil e criminal* dentro das súas xurisdiccionés e cotos, nombrando para tal fin a un Xuíz Xurisdiccional. A tradición di que cando *un fuxitivo da lei abrazaba este Marco quedaba baixo a xurisdicción do señor da Casa de Camba*, quen polo que nos chegou, debía ser máis benévolos.

O marco está nunha paraxe que se denomina do *San Silvestre*, en dita paraxe ata o século XVI-II existiu unha ermita que pertenceu á casa de Camba. A longo do século XVIII caeu en desuso e moitos dos seus elementos foron a parar á igrexa parroquial de San Xoán de Camba.

TORRE DE RÍO DE RODEIRO

Achegándonos á parroquia de Santa María de Río, preto por onde discorre o Camiño de Inverno, temos constancia da hoxe en día desaparecida *Torre de Río de Rodeiro*. Foi construída por un tal Juan Calviño a finais do sé-

culo XVI. Estaba ligada á liñaxe dos Calviño. O primeiro desta liñaxe que temos constancia é un tal Pedro Calviño no ano 1537 e, descendente del foi Pedro Calviño de Saa, que tiña o cargo de cobrador de “rendas, servizos e dereituras en Camba”. Fillo deste foi Juan Calviño, veciño do lugar de Barbeitos en Santa María de Río, facéndolle foro o arcebispado de Santiago no ano 1567 o lugar de Vilameá na mesma parroquia e, figurando como dono dunha Casa Grande cunha Torre.

PENDELLOS DE RÍO DE RODEIRO

Os pendellos da *feira de Río de Rodeiro*, que se celebra os días 15 de cada mes, probablemente daten do século XVIII. Hoxe en día quedan uns poucos e nun mal estado de conservación. Eran postos de venda, feitos con pedra do país que, no seu momento mantiñan o dinamismo da feira de Río de Rodeiro. Existe constancia documental de que tamén na feira de Rodeiro (os días 28 de cada mes) existían pendellos e pendellas dentro do recinto ferial que se ubicaba preto da Fortaleza de Rodeiro alá polos séculos XVII e XVIII.

IGREXA DE SANTA MARÍA DE RÍO

É unha igrexa barroca de nave rectangular. Presenta portada adintelada cun vano central rectangular e decorada con pináculos remataos en bolas en esquinas. Ábside destacado en altura conta con cornisa moldurada en gola. Dentro da igrexa custódiase a Virxe María que, segundo reza a tradición é unha das “*tres Virxes irmáns*” xunto á da Virxe do Faro e a da Pena de Francia no concello de Dozón (Pontevedra). Ten no seu interior un escudo con seis rodas ou cambas.



FORTALEZA DE RODEIRO

Cando o camiñante chega ao pobo de Rodeiro pode contemplar os restos da hoxe en día tamén desaparecida Torre de Rodeiro. Queda algúns vestixio nalgúnha construción anexa a donde estaba ubicada dita fortaleza, onde figurán sillares con marcas ou signos lapidarios





e, na cerca ou muralla que rodea o actual concello de Rodeiro. O actual concello se fixo imitando á Torre de Rodeiro.

A súa orixe posiblemente derive dun privilexio outorgando polo rei don Sancho a finais do século XIII a Vasco Fernández de Rodeiro. Este Vasco Fernández foi agraciado coa terra de Camba e posiblemente edificara a Fortaleza de Rodeiro e mesmo a de Seoane de Camba. A fortaleza de Rodeiro pasou logo a familia dos Isorna e posteriormente á mitra de Santiago de Compostela na figura de Andrés Sánchez de Gres. Foi no seu momento o baluarte máis importante da mitra compostelana na comarca de Deza.

Foi unha Fortaleza atacada polos irmandiños no seu momento e quedou bastante afectada por dito derrocamento. O Bispo Alonso de Fonseca, rematado o movemento irmandiño, fixo refor-



mas no seu interior pero, a finais do século XVI nunha descripción levada a cabo con motivo dun apeo dos bens do arcebispado xa tiña un profundo deterioro. A Torre da homenaxe tiña un escudo con seis rodas de carro de carreta, que eran as armas dos Rodeiro. No século XVIII nun novo apeo menciónase a Fortaleza de Rodeiro que conservaba uns impresionantes muros e un castillete pola parte de ponente; pero sen piso e sen teito. A partir dessa data dase unha progresiva destrucción da mesma, lenta pero paulatina, a principios do século XIX formaba parte do local escola de Rodeiro e, dende entón a súa destrucción foi constante ata o día de hoxe. A súa perda supuxo a eliminación dun dos elementos característicos da antiga terra de Rodeiro e de toda a comarca de Deza. Nas inmediacións existen microtopónimos que fan referencia á vida medieval é á Fortaleza, como Torre Vella e A Gaiola.

CONXUNTO CAPELA DE SAN XOÁN E CASA DA BOTICA




No centro do pobo de Rodeiro, ao pé dun pequeno parque atópase o conxunto da *Capela de*

San Xoán, que pertenceu á casa de Xan, donos de varias casas, algunas con sillares e mesmo signos lapidarios, nas proximidades desa capela. A capela ven sendo unha edificación de planta rectangular dunha soa nave con portada adintelada con molduras planas.

Contigua a dita capela está a *Casa da Vella Botica* que conta cunha amplia solana con balcónada de madeira sobre pilares. Presenta troneras nun dos frentes.

CENTRO CULTURAL MANUEL LAMAZARES

Neste *Centro Cultural* un edificio destinado a biblioteca, auditorio, museo e sala de exposicións e, onde o peregrino poderá encontrar restos arqueolóxicos prehistóricos de distintos puntos do concello de Rodeiro centrados fundamentalmente na época castrexa (séculos IX a. C. ata o I. a. C.) e na época Romana (restos da *Vila Romana de Porta de Auga* – Santiago de Fafián – Rodeiro). O horario de apertura ó público é de 9:00 a 13:30 e de 16:00 a 19:00 de luns a venres. Este horario é válido para todo o Centro Cultural Municipal e é gratuita a súa entrada.



IGREXA DE SAN VICENTE DE RODEIRO

É unha *igrexa románica* construída no século XII con trazas moi sinxelas. De tamaño reducido e nave rectangular conta con tres fiestras saeteras con derrame interior que describen un arco de medio punto que da lugar ao arco de triunfo apuntado. A fachada septentrional conta cunha porta adintelada semicircular sostida por dous canecillos.



PONTE DO HOSPITAL E DEVESAS DO HOSPITAL

Xa na saída do pobo de Rodeiro e, no camiño de Inverno, que continúa polo concello de Rodeiro cara a San Xulián de Pedroso, existen dous microtopónimos que fan referencia á existencia dun Hospital para os peregrinos, que son a *Ponte do Hospital* e *A Devesa do Hospital*; esta última era unha gran finca pechada que pertenceu primeiramente ao mosteiro de San Paio de Antealtares (Santiago) e, quen a aforou no século XVI á Casa e Fortaleza de Camba ata o século XIX. Logo de chegar a ese punto o peregrino continuará polas terras do concello de Rodeiro cara a *Ponte de Pedroso*.

XIV Xornadas do Camiño de Inverno por Pantón e O Saviñao



**XIV XORNADAS DO CAMIÑO DE INVIERNO
POLA RIBEIRA SACRA**
(Pantón - O Saviñao)

Do cultivo vitivinícola na Idade Media polos mosteiro
á recuperación actual de viñedos con D. R. Ribeira Sacra

16 - 17 - setembro | 2017



16:00 - Salida en bus desde a Praza da Compostela - Migrante para a igrexa parroquial de San Pedro de Montes, onde se fará un pequeño acto de bendición.

17:00 - Visita ao Mosteiro de Monfero e posterior degustación de vino de Monfero. Conferencia de José Luis González Pérez.

18:00 - Salida en bus para a visita restaurante A Fábrica con degustación de vinos de Ourense.

18:30 - Presentación moi amena da degustación dun vino da Festa Maior.

19:00 - Salida a pé (20 km) producindo sombra no río de Mandeo, río Miño.

20:00 - Hipermercado.

| | |
|------------|--|
| PRECIO: | Adultos: 150 € |
| INCLUIDO: | Transporte, alojamento, comidas, visitas, degustación de vinos, material didáctico, etc. |
| INCLUSIÓN: | Entrada a todos os monumentos e museos. |
| INCLUIDO: | Entrada a todos os monumentos e museos. |
| ORGANIZA: | Asociación de Mosteiros da Ribeira Sacra |

668 52 18 61
636 58 48 72
881 53 48 60




Igrexa San Esteban de Atán.



De Peregrinos Medievais



Feira Medieval de Monforte



Invocación ao Apóstol por Aida Menéndez.



Coa Asoc. Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra.

Coa Asociación de Lugo.



En Sevillla diante da caseta aragonesa.

De Casa Palacio en 1630 a Hotel Monumento 4* Pazo do Castro desde 1999

Montserrat Rodríguez

**Directora Hotel Monumento
4* Pazo do Castro.**

En el extremo más oriental de la Provincia de Ourense se encuentra la Comarca de Valdeorras, atravesada por el Río Sil y lindando con la del Bierzo. Ha sido a lo largo de los siglos una zona de paso y de asentamientos humanos diferentes. Los primeros habitantes de los que se tiene noticia fueron los Cigurri o Cigurros, los antiguos celtas, de los que hemos tenido noticia por los romanos, según nos cuenta Otero Pedrayo, que se asentaron en esta zona en el denominado Forum Cigarrorum.

En el Concello de O Barco y a 3 km en lo alto, se encuentra la Villa de O Castro, antigua cabecera de comarca, donde está situado el Palacio del Castro o Pazo de los Flórez de Losada, con unas maravillosas vistas del Valle del Sil y donde antiguamente hubo un campamento castreño, que hoy se encuentra enterrado debajo de la plaza de la Torre del SXII que ha sido rehabilitada y se puede visitar.

El Pazo fue fundado por D. Pedro Losada y Quiroga, canónigo copis-col de la Santa Catedral de Toledo, Obispo electo de Orihuela, Caballero de la Orden de Santiago, en el año 1630, como así reza en la placa conmemorativa que le dedicó su sobrino el

Excmo Sr D. Alfonso Flórez Losada y Quiroga en 1914, dicha placa se encuentra en la Capilla del Pazo.

D. Pedro Losada y Quiroga nació en la Villa de O Castro, no se conoce la fecha exacta, aunque se cree que fue entre 1591 y 1601. Fue Canónigo de la Catedral de Jaén, Canónigo de la Catedral de Toledo, fue también reconocido como uno de los mayores canonistas de su tiempo y autor de varias publicaciones, siendo el primer escritor de Valdeorras del que se tiene noticia. Gran devoto del Apóstol Santiago, demostrándolo con la publicación de la Obra: “Defensa del único y singular Patronazgo de las Españas perteneciente al glorioso Apóstol Santiago Zebedeo”(1628). Fundó un Mayorazgo que le permitía vincular todos sus bienes, los cuales no se pondrían vender, y así conservarlos perpetuamente en la familia e igualmente mantener el apellido de su fundador. “En el Pazo se conservó hasta los años 80 un importante archivo que fue comprado por la Xunta de Galicia y que se encuentra en la actualidad en el Archivo Histórico Provincial de Ourense”.

Falleció el 12 de Marzo de 1660 y fue enterrado al día siguiente, en la sepultura por él fundada, en la Iglesia Parroquial de O Castro.



Arquitectónicamente el Pazo está construido por un cuerpo de planta rectangular en cuyos extremos y perpendiculares a él hay dos crujías laterales. Esto origina una planta de las denominadas en U que incluye un patio interior. La fachada principal del Pazo presenta en su parte baja un bello pórtico de arquería de medio punto, sobre gruesos pilares, con argollas de hierro e imposta saliente a modo de capitel, sobre el cual se levanta el piso noble con siete balcones con barandilla de hierro forjado y adornos dorados sostenidos por repisas molduradas. A los dos lados del balcón central dos labras heráldicas, no totalmente simétricas. La de la izquierda en madera es el escudo de los Flores Losada y el de la derecha, posterior, en piedra ostenta el emblema de los Suárez Deza. La fachada está construida en buena sillería encintada de piedra roja típica de la Comarca de Valdeorras y que

es lo más característico del Pazo. La Capilla está adosada a la fachada. Toda la cubierta del edificio es de pizarra, tan característica de la zona.

Domingo Rodríguez González, nació en O Seixo, O Bolo, Ourense, en 1934 , hombre hecho a sí mismo, trabajador nato y emprendedor donde los haya, compró en el año 1996 el Pazo de los Flórez en la Villa de O Castro de Valdeorras a los herederos de la Marquesa viuda de Esteva de las Delicias, con la intención de rehabilitarlo y convertirlo en un Pazo de Turismo Rural (Hotel Monumento 4* desde octubre del 2007) inaugurándose en Septiembre de 1999 como uno de los establecimientos hoteleros de referencia de todo el Oriente Orensano.

El proceso de restauración del edificio, para convertirlo en un establecimiento hotelero, duró dos años. Durante este tiempo se instalaron en el Pazo

restauradores de muebles, tapiceros, carpinteros, albañiles, fontaneros, electricistas que trabajaron durante para que luciera en todo su esplendor. El arquitecto D. Luis Pérez de Juan fue Director de Obra y la restauración fue ejecutada por la empresa propiedad de la familia Rodríguez, AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS S.A.

Disponemos de un inventario de todos los muebles, enseres, cuadros, grabados, esculturas, porcelanas, tapices, alfombras, lámparas, libros etc que datan, algunos, desde el Siglo XVII hasta nuestros días y son de gran relevancia, no sólo como antigüedades si no como testigos de una época pasada. El ánimo de la propiedad era conservar todo prácticamente en el mismo estado en el que se encontraba, y ponerlo al uso y disfrute de todos los clientes y amigos que nos visitaran. Esto es la característica principal de nuestro Hotel, la grata sorpresa que se llevan cuando cruzan por primera vez el Salón de armas y descubren que se han trasladado a una gran casa del siglo XIX totalmen-

te ambientada en la época es nuestro mejor regalo. De hecho todas las habitaciones están amuebladas, con la ingente cantidad de muebles que había originalmente en el Pazo, por eso, nuestras camas no son extragrandes como en los hoteles modernos, y al caminar, se oye crujir la madera por las noches (aunque a lo mejor es el fantasma que lo mora desde el XVIII).

A destacar también, la restauración de los bellos jardines paciegos de Bojs centenarios, que en la actualidad, son para el disfrute de los invitados de banquetes de bodas que celebramos a lo largo del verano.

El haber conservado todo el esplendor de tiempos pasados, no es óbice para que el Hotel esté perfectamente acondicionado como establecimiento hotelero, con instalaciones propias de un 4 estrellas, red wifi en todo el complejo y aire acondicionado. Un buen restaurante, referente en la comarca, de la gastronomía Valdeorresa y gallega; instalaciones deportivas como piscina, pistas de tenis y pádel, y un coqueto Spa, que consta de un circuito termal y





una sala de masajes y tratamientos relajantes, siendo muy apreciado por nuestros peregrinos después de un día duro de caminata, completan las instalaciones del complejo.

Por delante del Pazo, no sólo discurre la Vía Nova que va desde Braga (Portugal) a Astorga , sino que también, el trazado original del Camino de Invierno, desde Rubiá hasta Xagoaza, aprovechando el mismo camino de la Vía Nova. Con motivo de esto, hemos nombrado algunas de las habitaciones del Pazo, con topónimos en latín, de esta reconocida e histórica Vía. Desde la oficialización del Camino de Invierno, hace unos dos años hemos notado un incremento en las estancias de peregrinos en nuestro Hotel, de hecho tenemos tarifas especiales y debido al incremento de peregrinos en bicicleta hemos hecho unas instalaciones específicas para guardarlas, limpiarlas y arreglarlas en un pequeño taller con herramientas, lo

que agradecen muchísimo al no ser muy habitual.

Desde el Hotel les ofrecemos a nuestros clientes, una variada oferta turística, no sólo de la Comarca de Valdeorras, sino también de las limítrofes, y la primera de ellas es una visita a las Minas de Oro declaradas Patrimonio de la Humanidad La Medulas, un paseo por sus cuevas, la visita al Aula arqueológica o un paseo a caballo. Actividades deportivas en el río Sil, como paseos en Kayak, el descenso del río Candís, adentrarse en el Bosque de Tejos Milenarios el Teixadal con un guía local, o rutas en bicicleta de montaña, En Invierno sin duda la estrella es la nieve y la Estación de Montaña de Manzaneda está muy próxima. Y no pueden dejar de visitar la joya del Barroco Gallego en O Bolo, el Santuario de Nuestra Señora de las Ermitas. Y si aún queda tiempo, no hay como degustar una buena copa de Vino en una de las Bodegas de la D. O. Valdeorras. La oferta es variada,

aunque seamos una Comarca en la que el Turismo aún está despegando, tenemos mucho potencial.

En el 2019 celebraremos nuestro 20 aniversario, y esperamos organizar distintas actividades para conmemorar esta fecha. Nuestro padre, Domingo Rodríguez ya falleció, pero su legado continuará con la gran obra de restauración que ha hecho y aunque no sé si otros

4 siglos, sí al menos lo suficiente para que las generaciones venideras de Valdeorreses disfruten del Pazo y que los numerosos turistas y peregrinos que nos visitan descubran que en nuestra Comarca de Valdeorras tenemos no solo naturaleza, vino y buena gastronomía, sino que también un lugar en el que descansar del Camino y con preciosas vistas del Valle del Sil y de las montañas que nos rodean.



Bibliografía

.-“Villa y Pazo do O Casto” de los autores Antonio Castro Voces, Angel Fernández Fernández y María Teresa de vega Jimenez.

.-“Artículo del Libro” Cadernos do Instituto de Estudios Valdeorreses” PALACIO DE LA VILLA DEL CASTRO de la autora Purín Sánchez López-Orcazberro.




Ilustración de Mariano de Souza

Una singular tradición decorativa a lo largo del Camino de Invierno

Carolina Sánchez

Conservadora-Restauradora de BB.CC.

Imágenes de Carolina Sánchez. Correcciones de Diego Iglesias y X. M. Vázquez



Los peregrinos que optan por la ruta del Camino de Santiago de Invierno tienen la oportunidad de contemplar la gran riqueza de formas constructivas insertadas en un rico paraje natural.

Desde las zonas en las que predominan las tierras rojizas y la pizarra, tanto en muros como en cubiertas, cuyos colores se mimetizan completamente con el medio, a las edificaciones de esquisto, granito o hasta canto rodado de infinitad de tonalidades que destacan por la armonía y particularidad de sus formas.

En la primera mitad del recorrido encontramos, en la zona del *Val de Lemos*, otra de las formas constructivas que dan cuenta del máximo aprovechamiento de los recursos locales, son las casas de tapia, algunos de los pocos edificios erigidos en tierra que se conservan en Galicia (también comunes en *Val do Limia o en Terras de Verín*).

El uso de la piedra y la tierra local define la paleta de colores que constituye el lienzo que enmarcarán muchas de las fotografías el visitante toma como recuerdo.

La construcción tradicional se define por su autenticidad, la no estandarización de sus formas, la singularidad de los elementos que con esmerada intencionalidad aportaban los constructores o los habitantes (muchas veces representados en la misma persona) a la obra. En este marco encaja una técnica de revestimiento parietal que añade, por si fueran pocos los motivos, más valor patrimonial al entorno humanizado por el que viajamos.

Todavía se pueden contemplar, a lo largo del Camino de Invierno, los restos de unas decoraciones impresas sobre mortero de cal. Aunque hay constancia de su existencia en casi toda Galicia, con gran concentración en las comarcas

del sur de Ourense, sur-este de Pontevedra, y la zona central y sur de Lugo. Los estudios realizados en la década de los 90 (siglo XX), que se concentraron en la última área, llegaron a identificar más de un millar de restos sólo en esta demarcación. Tras la última aproximación realizada en 2017, en un estudio financiado por la Axencia de Turismo de Galicia, a través del Consorcio de Turismo de la Ribeira Sacra, se pudo constatar una gran pérdida de ejemplares en tan solo 20 años. La despoblación del rural y la eliminación de estos revestimientos para la aplicación de otros acabados (generalmente de cemento y pinturas plásticas) o la actual tendencia a dejar la piedra a la vista son algunos motivos causantes de la desaparición de estas decoraciones, siendo el primero, paradójicamente, también motivo de la preservación de muchos otros. La mayoría de los restos, que aún podemos fotografiar, se encuentran en edificaciones en situación de abandono o semi-abandono cuyos muros están todavía resguardados por una cubierta o al menos el alero de ésta.

FUNCIONALIDAD Y SINGULARIDAD

El acto de revestir las fachadas de las construcciones con morteros de cal responde primariamente a una función de protección de los muros de piedra, de tierra o de ladrillo ante las condiciones meteorológicas externas, ayuda a regular los ciclos de humedad en el interior y, por sus propiedades antibacterianas y antifúngicas, contribuye a la salubridad del hábitat.

El término esgrafiado se adjudica en las decoraciones gallegas desde los años noventa del pasado siglo en algunas investigaciones (**Xosé**

Manuel Vázquez, “*Decoracións con cal no sur da provincia de Lugo*”, *Lucensia, n 10, Lugo, 1995, pp. 131 a 142*). Dicho término responde al gesto de hacer una incisión sobre el revoco y desbastar o vaciar el interior de la forma, aunque en Galicia podemos distinguir una rica diversidad de técnicas que en ocasiones conviven en la misma fachada. Es un concepto que acoge una ejecución artesana más allá del encintado, una evolución práctica de éste.

Por lo general, tal y como señala el arquitecto L. F. Peñalosa y Contreras: *el esgrafiado sirve para cubrir los muros de muy pobre construcción con una decoración sencilla y de poco coste*.

Podremos ver (con excepciones) que las decoraciones que cubren toda la superficie corresponden a muros de tapia, *pallabarro* (barrotillo, entramado...), o con importante presencia de piedra menuda rellenando, anclando y/o trabando las piedras que levantan la estructura. En edificios de piedra labrada será más frecuente ver encintados que dejan mucha de ésta a la vista, no por ello renunciando a la fantasía en la composición (estética). De forma más ocasional nos encontraremos decoraciones que ni siquiera son marcadas y que se realizan haciendo las formas a brocha encalando sobre el mortero de cal aún fresco.

Sobre la técnica más compleja decir que, en la Península, destacan dos grandes áreas de esgrafiado: el esgrafiado segoviano y el esgrafiado catalán. Del primero, existen registros en los que se datan estos ornamentos ya en el siglo XIV y tienen clara raíz islámica, se caracterizan por las formas geométricas repetitivas. El auge del esgrafiado catalán sucede durante el Barroco y sus



Encalado/pintado sobre revestimiento liso en fresco y sin marcado por incisión.



Combinación de encintado y esgrafiado.

influencias llegan de Italia. Habría una tercera reseñable, Extremadura, de influencia morisca cuya puesta en valor está actualmente en auge.

La técnica del esgrafiado que define Ignacio Gárate (*Gárate Rojas, Ignacio, Artes de la cal, Madrid, 1993*), es la siguiente:

La superposición de capas de mortero de cal teñidas, que tras su aplicación sucesiva y en fresco aún su última capa, se trasladan por estarcido los dibujos previamente preparados en cartón, para que, acto seguido, y con las herramientas adecuadas, proceder al rascado y eliminación de las capas exteriores en las zonas previstas, dejando visibles las de abajo, diferentemente pigmentadas, de modo que, la exterior, la más clara, queda de fondo de la composición.

Recomienda, además: *que el muro esté perfectamente plano para evitar la desigualdad en el grosor del revoco (...).*



Esgrafiado, revestimiento continuo sobre el que se han recortado las formas.

En el caso gallego podemos comprobar, en el noventa por ciento de los ejemplos conservados, que no se cumplen algunas de las anteriores premisas o, en muchos casos, ninguna. La adaptación al soporte, a los medios económicos y la optimización de recursos fueron, en estas tierras, los retos a los que los artesanos supieron hacer frente, creando, de este modo, una versión de la técnica muy particular. El contraste cromático se resuelve, en la mayoría de los casos, encalandando a brocha sobre el revoco fresco las “cintas” o los espacios que quedaban entre las formas marcadas o recortadas. El mortero de base adquiría su tonalidad por el árido y las tierras locales. No obstante, por el hecho de realizar una incisión en el revoco y desbastar el interior de la forma, aplicamos el término esgrafiado.

Por último, sin entrar más en el extenso mundo técnico, resaltar que la inquietud artística llevó a nuestros antepasados a aplicar estos revestimientos a todo tipo de construcciones, hórreos, *palleiras*, palomares, molinos, casas pudientes y menos pudientes, pazos, rectorales... Encontrando incluso restos de decoraciones que cubren otras anteriores, tal vez porque resultaba más práctico superponer que restaurar o simplemente consi-

deraban que la fachada necesitaba un cambio de aspecto, aun así, no deja duda de lo apreciadas que fueron durante una época.

ALGUNAS MUESTRAS VISIBLES A LO LARGO DEL CAMINO

A través de los siguientes ejemplos conoceremos un poco más sobre este factor cultural en el que fijar la mirada durante el recorrido del Camino de Invierno, sobretodo, por las tierras que discurren a lo largo del Río Sil y las laderas del Miño.

MONTEFURADO – A 10 KM DEL INICIO DE LA ETAPA 3 (A RÚA – QUIROGA)

Llegados a Montefurado, tras contemplar la singular iglesia de San Miguel (s. XVIII), continuaremos hacia la zona más elevada del pueblo por los estrecho callejones hasta la fuente y el cruceiro. Nos encontraremos frente a una casona que conserva sus dos fachadas vistas decoradas, con la peculiaridad de ser ambas caras completamente distintas. En el lateral oeste una decoración esgrafiada a mano alzada con motivos que se repiten en todo el territorio gallego, formas lanceoladas, lágrimas, hojas en oblicuo respetando las demarcaciones rectilíneas de aleros, puertas y ventanas. En la cara norte, un esgrafiado sencillo de influencia castellana, recortes rectilíneos imitando sillares regulares y una cenefa repetitiva bajo la cubierta, realizada con plantilla.

Esta decoración fue intervenida en 2017, durante la fase de conservación del proyecto citado anteriormente de puesta en valor y recuperación de los esgrafiados que impulsó el Consorcio de Turismo de la Ribeira Sacra.

Las peculiaridades del emplazamiento influyen directamente sobre el soporte y el revestimiento, siendo estas características de nivel técnico las que propiciaron que dicha construcción fuera escogida para la investigación y recuperación de los revocos.



Fachada Norte de la “casa do Carteiro” restaurada en 2017.



Fachada Este de la “casa do Carteiro” restaurada en 2017.

Nos encontramos ante unos muros anchos de pizarra larga y estrecha, con poca profundidad y rellenos de abundante piedra menuda y tierra

local arcillosa que constituyen un soporte poco adecuado, a priori, para la colocación de un mortero superficial a base de cal pero que, gracias a la heterogeneidad de la superficie del muro, logra el enganche mecánico necesario para los restos de la decoración hayan llegado hasta nuestros días.

El revoco está constituido por una fina capa de mortero de cal grasa con arena de pizarra (de río), con una tonalidad gris claro teñida de un fino velo anaranjado debido al polvo (tierra local), depositado a través de los años en la superficie. Los motivos fueron marcados con paletín y contorneados en blanco, con la misma pasta de cal sin árido, cuando el mortero aún estaba fresco. Durante los trabajos de conservación se pudieron contar numerosas capas de encalados posteriores.



Fachada Norte de la “casa do Carteiro” antes de la intervención.



Fachada Este de la “casa do Carteiro” antes de la intervención.

En la página del Consorcio Turismo de la Ribeira Sacra se pueden consultar las intervenciones realizadas en 2017.

<https://turismo.ribeirasacra.org/es/esgrafia-dos-en-ribeira-sacra#secExplorer>

De igual modo, de forma gratuita, es posible descargar en pdf la publicación de las investigaciones que, para el mismo proyecto, realizó Xosé Manuel Vázquez, Esgrafiadoss na Ribeira Sacra. De tradición cultural a legado turístico.

<https://turismo.ribeirasacra.org/Esgrafia-dos%20na%20Ribeira%20Sacra%20v%20castellán.pdf>

Siguiendo atentos por el sendero, en la misma aldea, podremos ver pequeños ejemplos en elementos como ventanas o aleros.



Detalle esgrafiado en una ventana en Montefurado.

Un poco más adelante, asomados al improvisado balcón desde donde se puede contemplar el paisaje minero, también podremos ver, si volvemos la vista hacia la iglesia, una de las fachadas de la rectoral completamente decorada con un esgrafiado también de estilo castellano, con la cenefa regular bajo el alero y los sillares marcados.

**ALENDE - SAN LOURENZO DE CEREIXA
(A POBRA DO BROLLÓN) - A 25 KM DEL
INICIO DE LA ETAPA 4
(QUIROGA - MONFORTE)**

En la aldea de Alende, en la parroquia de San Lourenzo, continuando el sendero, que también nos dirige al recién excavado Castro de San Lourenzo, volveremos la mirada hacia atrás para ver otro de los ejemplos que se conservan en el Camino. La casa, en estado de abandono en la actualidad, fue conocida como “A casa das Garcillanas”.



Fachada Oeste de la “casa das Garcillanas”.

Con atención podremos intuir algunos de los motivos que decoraban dos de las fachadas (dependiendo de la vegetación). Una cenefa bajo el alero que se repite a media altura del muro. Esta segunda, cuya definición se conserva intacta, estaría originariamente pintada de blanco con una lechada de cal, mientras que la superior se presenta vaciada, del color del mortero.

Una peculiaridad, que hace de esta fachada un bello ejemplo de singularidad frente a la aparente sencillez de la decoración, es la incisión y meticoloso raspado de las zonas en negativo, aportando texturas que nos muestran la recreación del autor.



Detalles de la decoración de la “casa das Garcillanas”, textura.



Detalle dela decoración en la “casa das Garcillanas”.

San Lourenzo es una de aquellas aldeas peculiares cuyos muros fueron levantados en canto rodado.



Uno de los muros de canto rodado de la parroquia de San Lourenzo.

**BELESAR (O SAVIÑAO) - A 26 KM DE
MONFORTE, ETAPA 5
(MONFORTE DE LEMOS -
CHANTADA)**

Encontraremos una decoración muy especial en el estrecho callejón situado en la zona oriental del lugar, la entrada al núcleo de casas dispuestas en paralelo a la orilla del río Miño.



Encintado esgrafiado en la parte inferior y esgrafiado con textura en la superior.

El lienzo se extiende constante a pesar de la combinación de soportes. La parte inferior de la construcción levantada en granito y la superior en entramado de madera o barrotillo. A priori se observan tres etapas, tres estilos distintos, uno por cada nivel. De extraordinaria y cuidada ejecución, el revoco destaca no sólo por la composición y las formas resaltadas en blanco, sino también por las buscadas texturas de los motivos en negativo (del color del mortero).

A grandes rasgos, su estado de conservación es crítico, el abandono del edificio afecta primordialmente a las partes constructivas más frágiles, los entramados, y el revoco que los protege comienza a desprenderse.



Decoración sobre el pallabarro (entramado, barrotillo...)



Textura del negativo.



Los tres niveles de decoración.

La fachada Oeste se asoma al río Miño, la decoración en este caso es sobria, imita la regularidad de unos sillares que no existen y su soporte, un entramado de madera, tierra y canto rodado se puede ver a través de las faltas de revoco.



Falseado de sillares sobre el entramado de tierra en la fachada oeste.

Observando el resto del núcleo, parcialmente habitado, desde el río se intuyen de lejos algunas decoraciones más, encalados con marcos pintados en fresco con rojos de óxido o alguna discreta incisión.



Restos de encalado liso tradicional dejando a la vista la cantería trabajada (esquinas dinteles y jambas).



Encalado liso y marco en rojo óxido.

Con lo visto hasta ahora, se espera haber despertado en el peregrino la curiosidad suficiente como para provocar que éste vaya con los ojos bien abiertos, apreciando un poco más, si cabe, la riqueza de la construcción tradicional. Si aún no es así, en Chantada (Etapa 6), el caminante acabará de convencerse ya que este concello constituye, sin duda, uno de los que en su día la tradición de esgrafiart los revestimientos de cal estuvo más arraigada.

Puesto que el primer paso para conservar es conocer, este artículo pretende ser una primera semilla que genere en el lector, en el caminante, la certeza de que se encuentra ante unos elementos muy singulares merecedores de algún nivel de protección. Si bien, cada vez con más interés, se está investigando y recomendando la vuelta a los materiales tradicionales en la construcción (como la cal), estamos a tiempo de frenar la destrucción de un patrimonio digno de ser estudiado tanto por sus procedimientos, desde la obtención de las materias primas a su ejecución, como a nivel estético por sus composiciones y motivos. Sin ninguna duda constituye un importante legado tecnológico.

¡Buen camino!




Fábrica de curtidos de Chantada, destaca por sus grandes dimensiones y las molduras alrededor de las ventanas.

Recorridos polo Camiño de Inverno



Mirador A Pómez- Ribas de Sil.



Exposición de Dopico en Casa Gayoso-Valdeorras.

Presentación do Anuario: Via Jacobitana en Valdeorras

Pazo do Castro.




A Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra,
convída a
PRESENTACIÓN DA REVISTA
VIA JACOBITANA: CAMINO DE INVIERNO
Edita: Asoc. Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra

PARTICIPAN

Aida Menéndez Lorenzo, Directora de Via Jacobitana: Camino de Invierno
Maria Asunción Arias Arias, Presidenta da Asociación Camino de Inverno por Valdeorras
Maria Monserrat Rodríguez González, Directora Hotel Monumento Pazo do Castro

Domingo 11 de marzo de 2018 ás 17:30 horas
Pazo do Castro, O Barco de Valdeorras



Pazo do Castro.

Frades e viñedos na área do Camiño do Inverno nos séculos XIV e XV

Xosé Luis Sobrado Pérez

Historiador e Presidente do Centro de Estudios y Chamoso Lamas da comarca do Carballiño

RESUMO

O presente traballo articúlase en torno ó mundo do viño e ó seu estudo a traveso da documentación procedente das institucións relixiosas con presenza nos séculos finais do Medievo na área próxima ó percorrido do Camiño de inverno, unha importante vía de comunicación alternativa para os peregrinos a Compostela nos duros meses de inverno nuns séculos nos que este itinerario debeu ter unha importancia notoria para unha zona vitícola por excelencia.

1.- ÁREA XEOGRÁFICA

O trazado desta vía, actualmente percorrida ó longo de todo o ano por centos de peregrinos, decorre por unha importante área de explotación vinícola, tal e como xa acontecía nos séculos do Medievo e, posiblemente, desde moitos séculos atrás. Seguiremos, pois, polo rumbo marcado por este cultivo ó longo das paisaxes do viño luguesas entre Quiroga e Chantada, onde os vieiros do río Sil, xunto cos seus subsidiarios Lor e Cabe, conforman un

territorio de fondos vales moi propicios para o perfecto desenvolvemento do viñedo, xunto cunhas características de insolación e outras de tipo edafolóxico que determinan un ambiente óptimo para a vide e o viño. No treito final do trazado estudiado deste vello camiño, dando xa nos achegamos a Chantada, será o Miño quen asuma o seu protagonismo, completando este catálogo vitícola a cunca do Búbal. Sendo unha zona moi vinculada coa temática abordada, non nos limitaremos a seguir o trazado *sensu stricto* do camiño, serán as áreas próximas ó mesmo as que determinan a elaboración final deste traballo, que comprenderá diversas parroquias dos actuais concellos de Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte, O Saviñao, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Sober e Taboada.

Por outra parte, e dende a perspectiva do componente humano, a presenza e asentamento de diversas institucións de carácter relixioso na zona, facilitan e aceleran a expansión deste cultivo, tal e como acontece noutros lugares desta Galicia interior neses mesmos anos: a

convención do medio natural e da acción antrópica, fan posible a existencia desa agricultura que raia a verticalidade en moitas das empinadas encostas deste territorio.

Este espazo xeográfico é durante o período medieval unha área altamente humanizada, onde os vilares, casarellos, casares e demais formas de agrupamento da poboación, conviven cun territorio agrario altamente colonizado polos distintos cultivos que conforman unha paisaxe de viñedo e soutos mesturados con searas de centeo, trigo ou cebada, co millo miúdo, os froiteiros de varias castes –abeleiras, pereiras, maceiras, figueiras ou nogueiras-, ademais de pastos, nabais e liñares que tamén deixan espazo para árbores agora desaparecidas da paisaxe –caso das oliveiras- que tiveron, sen dúbida, unha gran importancia no seu momento, sendo tamén obxecto de cultivo tal e como se recolle de xeito claro nalgúns documentos, caso do que fala de que “*chartedes quareenta azeytuneiros*” (Pombeiro, CD 115).

Pero, ademais do xa expresado, os ríos resultan ser outra importante fonte de recursos e, consecuentemente, de riqueza. As numerosas pesqueiras, caneiros e muíños construídos e documentados ó longo dos seus cursos son un importante aporte para as economías dos seus titulares e foreiros encargados da súa explotación.

2.- A DOCUMENTACIÓN

Para a elaboración deste traballo, acudimos ás distintas fontes de carácter documental e bibliográfico existentes sobre a zona –algunhas delas aínda sen publicar- o que vainos

permitir unha achega a distintos aspectos do viñedo e do viño, nun período final da Idade Media caracterizado pola recuperación e expansión dese cultivo despois duns duros anos marcados pola peste co posterior abandono de moitas terras de cultivo e dunha fonda crise demográfica que afecta a unha importante zona de Europa. Mención especial dentro deste repertorio diplomático ós documentos de foro, elemento fundamental no estudo dos comportamentos dos titulares da terra, do campesiñado e doutros elementos definitorios desta actividade.

A procedencia desa documentación corresponde ós mosteiros de San Vicenzo de Monforte ou Pino, San Salvador de Chantada ou Asma, Encomenda de Quiroga, Santa María de Ferreira, San Vicenzo de Pombeiro, Catedral de Lugo e os foráneos con presenza na zona como Santa María de Oseira, Santa Cristina de Sil e Santo Estevo ou, a menor escala, o de Montederramo que conta cunha presenza testemuñal na zona.

3.- DEMOGRAFÍA

Non dispomos de cifras concretas que nos permitan unha achega á demografía dentro do período medieval nesta área do noso traballo o que impide ter unha idea certa do nivel de ocupación poboacional deste territorio, polo que teremos que acudir á primeira referencia da que dispomos, do ano 1571 que, aínda que se sae cronoloxicamente do período estudiado, pode servir de achega para avaliar a dimensión poboacional da área en cuestión.

Datos parroquiais do ano 1571 (nº veciños)

| | | | | | |
|----------|----|---------------|----|---------------|----|
| Acedre | 20 | Atán | 30 | Cangas | 40 |
| Deade | 40 | Eiré | 50 | Ferreira | 40 |
| Frontón | 6 | Pantón | 40 | Ribas de Miño | 20 |
| Siós | 30 | V. de Ortelle | 40 | Amandi | 40 |
| Gundivós | 40 | Lobios | 50 | Pinol | 40 |
| Diomondi | 30 | Fión | 30 | San Vitorio | 60 |

Fonte: González Muñoz, M. C.

Galicia en 1571 : población y economía : respuestas del Reino al interrogatorio de Felipe II. Sada A. Coruña: Ediciós do Castro, 1982.

4.-ESTUDO DOCUMENTAL

O traballo aquí presentado está elaborado con cerca de 700 documentos pertencentes ás institucións mencionadas e correspondentes ós séculos XIV e XV, dos que máis de 150 teñen a súa orixe ó no século XIV e os máis de 500 restantes -como vemos nunha proporción moito máis numerosa- corresponden a última centuria estudiada.

4.1.- TIPOS DE DOCUMENTOS

A documentación estudiada proporciona diversos tipos de elementos relacionados co mundo do viño, nos que sobrancean de xeito indiscutible os contratos de foro que, como vemos

no gráfico que segue, representan a meirande parte dos documentos achegados:

Neste sentido, o mosteiro de Pombeiro achaega o meirande número de contratos forais (125) que supoñen o 91% da súa producción documental, cifra moi por enriba das dos mosteiros de Ferreira, Oseira ou a catedral de Lugo.

Nesta zona dunha intensa actividade neses séculos, este tipo de documento vainos dar unha información vital para o coñecemento da realidade socioeconómica desta área: mecanismos de producción, rendas, metroloxía, relacións humanas, etc. Abonda con botar unha ollada ó caso que segue para intuír esa importancia.

| TIPO | Asma | Quiroga | Monforte | Ferreira | Pombeiro | Cat. Lugo | Santo Estevo | Oseira | Sta Cristina |
|----------|------|---------|----------|----------|----------|-----------|--------------|--------|--------------|
| Foro | 56 | 14 | 66 | 83 | 125 | 84 | 55 | 77 | 11 |
| Subforo | 3 | 1 | 1 | 0 | 6 | 2 | 0 | 0 | 0 |
| Compra | 1 | 0 | 7 | 11 | 1 | 5 | 2 | 1 | 0 |
| Doazón | 1 | 4 | 7 | 9 | 0 | 4 | 2 | 0 | 0 |
| Traspaso | 3 | 0 | 0 | 0 | 0 | 6 | 0 | 0 | 0 |
| Permuta | 0 | 0 | 1 | 4 | 4 | 0 | 0 | 0 | 0 |

| % DE CONTRATOS DE FORO SOBRE O TOTAL DA DOCUMENTACIÓN | | | | | | | |
|---|------|---------|----------|---------|----------|--------|-----------|
| ASMA | PINO | QUIROGA | FERREIRA | C. LUGO | POMBEIRO | OSEIRA | S. ESTEVO |
| 87 | 80 | 74 | 75 | 83 | 91 | 99 | 93 |

% DE CONTRATOS DE FORO SOBRE O TOTAL DA DOCUMENTACIÓN

Pero o estudo non se limita só á existencia destes contratos, existen outras diversas formas documentais que tamén teñen a súa importancia dentro do contexto histórico no que nos movemos e que se refire a compras, vendas, doazóns, etc.

4.2.- OS FOROS

Os foros son un mecanismo xurídico fundamental no sistema agrario galego medieval, permitindo unha relación contractual entre señorío e foreiro sobre a que, durante séculos, vaise asentar o tecido produtivo rural do noso país. Son múltiples e, en moitos casos, complexos os fíos que tecen este sistema pero algúns deles resultan, cando menos, rechamantes malia a que na teoría resulta sen tan sinxelo como un acordo entre partes dunha cesión dunha propiedade

e o pagamento dunha renda pola mesma. Pero na práctica resulta moito máis complexo e, dende logo, non imos deternos a facer unha análise cando nos últimos anos levan visto a luz diversos traballos ó respecto. Si imos nomear algún exemplo que pola súa singularidade merece a nosa atención caso do que atopamos no que se estipula a posibilidade de poder de cambiar ou vender o foro: (Pino, CD 102) no que se di que “*poderedes vos bender e sopenorar a outro home voso semellarele et ygoal et non a escudeyro nen cabaleyro nen a dona que seja poderoso*”.

O ritmo seguido por este tipo de contratos queda patente nos dados proporcionados polo cadro anterior no que vemos a forte aceleración levada a cabo no século XV polos diversos estamentos eclesiásticos dos que nos ocupamos, sendo o de Pombeiro o máis activo nesta actividade.

| | Asma | Quiroga | Monforte | Ferreira | Pombeiro | Cat. Lugo | Santo Estevo | Oseira | Sta Cristina |
|-----|------|---------|----------|----------|----------|-----------|--------------|--------|--------------|
| XIV | 3 | 1 | 7 | 27 | 11 | 22 | 0 | 38 | 5 |
| XV | 52 | 13 | 59 | 56 | 114 | 62 | 55 | 39 | 6 |

| | Asma | Quiroga | Monforte | Ferreira | Pombeiro | Cat. Lugo | Santo Estevo | Oseira | Sta Cristina |
|--------|------|---------|----------|----------|----------|-----------|--------------|--------|--------------|
| Perpet | | | | | 6 | 4 | | | |
| 1 v | 23 | 2 | 25 | 27 | 3 | 12 | 2 | 48 | 5 |
| 2 v | 25 | 4 | 38 | 44 | 23 | 50 | 10 | 13 | 5 |
| 3 v | 3 | 5 | 4 | 11 | 30 | 4 | 16 | 1 | |
| 4 v | 1 | 1 | | 1 | 34 | | 11 | | |
| 5 v | | | | | 8 | 1 | 7 | | |
| >5 v | | | | | 9 | 4 | 8 | | |

4.2.a.- DURACIÓN

En canto á duración destes contratos de foro, dicir que existe unha desigualdade entre os distintos mosteiros aínda que observamos un predominio dos que teñen unha duración curta no tempo -1 e 2 voces- sobre os de máis longa vixencia, subliñando neste capítulo ós mosteiros de Ferreira, Pino e a Catedral de Lugo. Nos de máis duración -3, 4 e más voces- o mosteiro de Pombeiro convértese no auténtico protagonista.

4.2.b.- TIPOS DE RENDA

En canto ós tipos de rendas esixidas, existe dunhaunha gran variedade nas mesmas, aínda que son máis abondosas as rendas que supoñen o pago de $\frac{1}{4}$ e $\frac{1}{3}$ e as duha cantidade fixa sobre as demás, quedando as de renda máis baixa $\frac{1}{6}$ e más reservadas para contratos de foro realizados sobre viñedos de nova creación, sendo o mosteiro de Pombeiro o máis recorrente nese tipo de renda.

| | Asma | Quiroga | Monforte | Ferreira | Pombeiro | Cat. Lugo | Santo Estevo | Oseira | Sta Cristina |
|------------------|------|---------|----------|----------|----------|-----------|--------------|--------|--------------|
| Fixa | 28 | 7 | 48 | 26 | 12 | 51 | 10 | 4 | 3 |
| De $\frac{1}{2}$ | 2 | | | 13 | 3 | 4 | 1 | 14 | |
| De $\frac{1}{3}$ | 6 | 4 | 4 | 15 | 18 | 7 | 17 | 35 | 2 |
| De $\frac{1}{4}$ | 13 | 1 | 12 | 22 | 48 | 12 | 15 | 20 | 2 |
| De $\frac{1}{5}$ | 3 | | 8 | 7 | 21 | 12 | 9 | 2 | 2 |
| De $\frac{1}{6}$ | 5 | | 1 | | 2 | | 2 | 1 | 1 |
| > $\frac{1}{6}$ | | | | | 23 | 4 | | | |

4.2.c.- EVOLUCIÓN DOS CONTRATOS DE FORO

Vemos unha tendencia xeneralizada de novos contratos durante o século XV por parte de todas as institucións representadas na área de estudo, sublinhando neste capítulo os realizados, unha vez máis, polo mosteiro de Pombeiro que desenvolve un frenético ritmo de contratación de foros, cadrando no tempo coa recuperación demográfica e económica que se vive despois da fonda crise sufrida por praticamente toda Europa ó longo do século XIV. Os demais seguen unha liña ascendente semellante, áinda que a menor escala.

4.2.d.- PLANTACIÓN E DECÚRAS

Como ben apunta López Sabaté (Anuario de Estudios Medievales, 2008, pág 218) “*las extensiones vitivinícolas se expandirán por doquier a los largo del siglo XV, y no solamente a través de los baldíos, sino también en perjuicio de las tierras en labrantía*”. Esta marcada tendencia queda patente na gráfica que segue na que observamos como todas as institucións estudiadas manteñen esas pautas de comportamento nas súas propiedades, acción acentuada de xeito excepcional no caso do mosteiro de Pombeiro: a creación de novas viñas sobre terreos destinados a monte é unha das condicións que se esixen con moita frecuencia ós foreiros. Esta actividade vai permitir que ó longo dese século XV prodúzase un aumento da produtivididade dos territorios, a substitución da superficie forestal polo cultivo da vide e a conseguinte transformación das paisaxes.

4.2.e.- OS TRABALLOS DO VIÑO.

Ó longo da copiosa documentación manexada, localizamos numerosas referencias que teñen que ver cos labores propios das actividades relacionadas cos plantíos e coa elaboración do viño que pasan polas distintas fases que se repiten ano a ano, tanto nos traballos realizados na viña como no interior da adega. Faremos un pequeno repertorio de citas atopadas ó longo da investigación.

Comezando polos traballos propios relativos á viticultura, aparecen repetidas en numerosas ocasións as mencións ós espazos propios de plantación nos que se citan as viñas, lobios e bachelos, ós que habería que engadir outros como leira ou leira de viña.

No caso dos diferentes apeiros de labranza empregados para levar adiante as distintas tarefas que teñen que ver coa labranza da terra, atopamos algúns elementos curiosos como o que nos acontece nun documento do mosteiro de Pino referido a unha doazón e traspaso que no ano 1473 fai D. Diego Romeu, clérigo da diocese de Lugo, ó seu criado e a outro clérigo en Doade na que lle manda “*et mays mando huna cuba de çinquo moyos et huna eyxada et dous legoos et hun coytelo cedadeyro*”. Máis raro resulta dar con novas relacionadas co emprego de gando para o traballo, pero que si podemos ver nun documento do mosteiro de Ferreira no que se di: “*e trageredes sempre o cassar prorvado con dous boys pera lavrar e de duas vaquas e de doze rexellos*” .

Moito más numerosas resultan as mencións ás distintas faenas e labores que se teñen que realizar cada ano nas viñas (poda, cava, enxer-

tar, etc) e o interese existente por facer que se coiden. Neste sentido, amosamos unha serie delas:

“*podar et cabar et render a dita vina*” (Catedral de Lugo, CD 1207).

“*O labredes e cepedes e enxertedes e chantedes e paredes ben*”(Pombeiro, CD 70,118, 140 e 152).

“*Entrechantades de vaçelos as outras viñas que estan mal provadas*” (Pombeiro, CD 148).

“*Dita leyra seja avinnada nos primeyros oyto annos*” (Pino, CD 78).

“*Con suas çepas de terra*”, (Pino, CD 67).

“*que as labredes et paredes ben et “o britedes de monte et ponades de bina a dita leyra”* (Asma, CD184)

“*Et llo roçedes ben as matollas e os lomideyros et non leyxedes en ellas crecer monte*” (Ferreira, CD 123). Tamén noutro documento deste mesmo mosteiro (CD143) “*que lle roçedes as matelas e non leyxedes en elas crescer o monte et as entrechantedes hu for mester*”.

E poderíamos seguir con máis exemplos:

“...*lavredes et façades lavrar et parar ben as viñas et herdades do dito casal en guisa que se non perçan con mingoa de lavorio do que lles feser mester...*” e, finalmente, “...*as ditas herdades et viñas et lles den aquellas labores que lles feseren mester en guisa que se non perçan con mingoa de lavor et de sarradura...*”

A vendima é o proceso que culmina o ciclo vital da vide e, como tal, resulta ser a parte máis importante unha vez superadas as condicións definidas polo clima e demais elementos naturais que inciden no proceso vitícola: agora tócalle a acción máis humana e, consecuente-

mente, as institucións e os colleiteiros velan polo estrito cumprimento dunhas medidas que non desboten o traballo do ano, comezando por escoller a data axeitada para o comezo dos traballos, encargando a tal efecto ós mordomos para que “*nen vendimedes sen nosso mandado*” (Ferreira, CD129 e 134). Como dicimos, no caso da vendima, o papel xogado pola figura deste personaxe resulta fundamental xa que é o supervisor encargado polos mosteiros para dar permiso para a realización da mesma e para o control do pago das rendas e demais condicións esixidas. A este respecto imos atopar referencias tales como: “*As uvas enna viña partidas per los cestos per ollo do noso mayordomo*” (Ferreira, CD194) ou tamén “*cada hun anno o terço de todas las ubas que Deus der en na dita leyra, collidas por ollo de noso mordomo, postas en paz et en salvo en na nosa adega de Santo Estevo*” (Asma, CD213).

VINICULTURA

Antes de iniciar este proceso, uns traballos preliminares para pór a punto as instalacións e utensilios propios: cubas, tinallas e demais elementos propios. As cubas, de madeira, precisan duns coidados especiais que, en moitos casos, forman parte das esixencias do señorío ós foleiros e que quedan recollidos nos documentos de foro. Estes traballos consisten, fundamentalmente, no lavado e no axuste dos arcos dos envases e que se mencionan repetidamente como “*labar et enarcar*”, cuestión que tamén inclúe ás tinallas (Asma, CD87, 261).

Do mosteiro de Ferreira, temos referencias que fan alusión ó interese e á esixencia dunhas boas condicións do viño e da súa pureza pedin-

do que se fagan os pagos dos foros cuns mínimos: “*quinze açumbres de bon byno poro e quito de mao sabor*”, ou a seguinte incidindo de novo na mesma teima: “*dos canados de buen vino puro e syn agua e syn mal sabor*”, pero tamén alertando sobre a posible picaresca: “*todo sen agoa e sem malicia*” (Pombeiro CD163), ou ademais de “...dose moyos de vinno por medida dereyta, do mellor que ouver ennas vinnas do dito casal et que non aia agua nen pouço que lle seja lançada por maos de home nen de muller, et este vinno que se pague de San Martino ata Natal...” incidindo nesta cuestión da calidade “...dous canados de vino mole do mellor que Deus en ella der...”.

En canto ás nomenclaturas relacionadas co estado da fermentación das uvas (mosto ou fermentado), atopamos anotacións, tales como: “*vynte cuarteiros de vino mosto*”, tamén “*hun canado de vino molle a bica do lagar*” (Ferreira, CD 133) ou, finalmente, xa rematado o proceso de transformación en viño: “*un sexto de boo vino cosido*” .

Finalmente, como punto de remate deste proceso de vinificación, atopamos a chamada composta que é o refugallo resultante de premer as uvas. Este produto, unha vez fóra do lagar, serve para o abonado das propias viñas, ben mesturado con elementos de carácter vexetal, ben só.

As adegas e lagares resultan ser, pois, lugares esenciais para este proceso de vinificación, atopando numerosas mencións á existencia das mesmas ou, en moitos casos, á esixencia ós foreiros de facer novas construcións:

“*Adega con seu lagar*” (Ferreira, CD74), tamén a de facer unha adega ó pé da igrexa, en Vilachá (Pino, CD 95, 1427). Tamén dese mesmo mosteiro (CD 181) e no mesmo

lugar, aforan unha adega na que se esixen as condicións dunha boa mantenza: “*teredes a dita casa feita et ben coberta de colmo et de madeira et ben reparada de pedra et de aquello que ouver mester*”. Na mesma liña, o mosteiro de Asma recolle esta obriga de que “*mantenades a dita adega feyta et cuberta et ben reparada como se ela non perca con mingoa de labor et de bon paramento*” (CD251). Deste último cenobio temos constancia dun importante número de adegas da súa propiedade (Veiga, Guxeva, Santiago de Arriba, Toalde, etc.).

PAGO DE RENDAS.

As datas establecidas para os pagamentos das rendas estipuladas correspóndense con distintas festas do ano, resultando ser a do San Martiño a máis recorrida (82%) por corresponder á fin do ciclo agrario anual na que se completa a recollida da castaña e o proceso de vinificación, quedando xa atrás a vendima ou a colleita dos cereais. Ademais desta data, as do Nadal, o San Miguel (29 de setembro) ou Pascua completan estes sinalados días. Tamén, en moita menor medida, os de Santo André, San Vicenzo e o Entroido engádense a este elenco.

As formas de pago resultan interesantes, tanto pola súa variedade como pola súa significación. Deste xeito, atopamos abondosas referencias expresadas nos documentos de diversas maneiras referidas ós lugares onde deberán de facerse efectivas:

“*meata de do vinno et a terça do pan que Deus y der, o pan enna eyra et o vinno a a bica do lagar porollo do home que o por nos ouver a recadar*” .

Seguindo cos lugares de pago, comentar que atopámonos con outras novas variadas que nos falan de:

-Levar viño ó mosteiro: “*et nos complir a nos esse vino no dito moesteyro, que nolo tragades per vossa custa en salva ao dito moesteyro*” (Pombeiro, CD 40).

“*E trageredes todo o noso quinon do viño e dos outros novos per vosa custa a nosa adega*” (Pombeiro, CD 148). “*Medeo de viño aa bica do lagar en salvo et tragerdello ao mosteiro por vossa custa*” (Ferreira, CD 32). “*Et mo tragades en paz et en salvo ao dito mosteiro*” (Ferreira, CD 76 e 216).

-Pagar na adega: “*Quarto do viño que Deus en ela der, ou das uvas na viña, qual se mellor poder facer*” (Pombeiro, CD 88). Tamén deste mesmo cenobio (CD80), “*et a terça do vinno et tinta das ditas vinnas*”.

Ademais dos pagos das rendas propriamente ditas, aparecen, tamén, outros relativos ás das cargas señoriais que teñen que ver coas costumes da área na que nos movemos, resultando sumamente interesantes pola súa especificidade. Así, nun documento de Pombeiro do ano 1412 fálase de “*pagar as costumagees da Ribeira*” para, anos máis tarde, noutro correspondente á Catedral de Lugo atopamos dentro da parroquia de Amandi unha referencia na que se fala de “*pagar a lagarada segundo costume da ribeira*”, ou no caso da ribeira de Chantada noutros dous pertencentes ó mosteiro de Asma, fálase de “*pagar a fujina*” coa variante de que “*edes de mandar a vindimia con a fujina*”, ou outras relativas a esta mesma cuestión como a que se expresa nun documento da Encomenda de Quiroga de

1365 e no que se recolle o pago de “*dous setreyros, hum de poda et outro de tanta*”, non podendo precisar en que consistían realmente ditas cargas señoriais, ainda que pensamos que neste último caso refírese ó feito de dedicar un día a remar nunha barca para o paso do río.

Sexa como for, os servizos acordados nos documentos de foro e as demais formas e obrigas de vasalaxe son unha constante, tanto no tempo como na totalidade das institucións estudiadas, vendo mencionadas expresións tales como “*e serdes nosos vasallos e serventes e obydientes*” que se completan con outras tales como ás de ter que acudir ás festas: “*viredes onrrar a festa de San Viçenço da rosa vianda*” ou pagar dereituras con cartos, pero tamén en froito –castañas- e con carne –touciño, porcos, galiñas e capóns- e, máis excepcionalmente en viño. Ademais, existen outras cargas como a loitosa e o dezmo que, normalmente, fanse efectivas con cartos. Como contraprestación o foreiro recibe o derecho de “*avemos vos de defender a dereito con este dito foro mentre durar*” (Pombeiro, CD 70).

MEDIDAS

As medidas son outra parte importante do legado documental deixado por estas institucións. Algunhas delas desaparecidas da memoria colectiva, outras aínda en uso, resultan ser un rico repertorio da metroloxía do noso pasado. Debido á gran variedade e variantes de tipo local resulta moi complexo atreverse a dar uns valores para unha gran parte delas, polo que faremos só mención das mesmas.

1.- Superficie

Homes cavadura
Cavadura
Vara
Tega

"Tres meos de vinho" (Ferreira, CD78)

"unha cárrega de vinho" (Ferreira, CD122)

"Per medida dereyta de Doadé" (Pino, CD221)

TAMAÑO DAS PARCELAS

2.- Capacidade

Moio
Cuartillo
Cuartillón
Canado
Cántara
Azumbre
Almude
Barril
Carga de viño
Jeyra
Cesta
Cubeta pequena
Canado de 20 azumes
Moyo de oytentas azumbres
Cantara dereyta de vynte quartaes
Cantara direyta da ribeyra
Cantara dereytra de Velsar
Cantara de Mourellos
Cuarteiro

Dentro desa xeneralidade nas medidas, atopamos tamén outras variantes de tipo local que se referencian na documentación deste xeito:

12 cuartillos por canado, medida de Monforte (Pombeiro, CD 132)

Moio de 48 cuartillos, medida de Monforte (Pombeiro, CD 122)

"Tres canados a 18 cuartillos por canado" (Pombeiro, CD43)

